

foz

Comezaron as expropiacións dos terreos para as rotondas de Cangas. **Páx. 6**

viveiro

Nova edición das Xornadas Cidade de Viveiro de Historia e Arqueoloxía Marítima. **Páx. 9**

ribadeo

O Goberno local está inmerso en diferentes tipos de melloras na vila. **Páx. 12**

a pontenova

Falamos co rexedor sobre o turismo etnográfico e de aventura do concello. **Páx. 19**

barreiros

Arranca a primeira biblioteca rural situada na parroquia de San Xusto. **Páx. 20**

O último gran lume

Os alcaldes dos concellos afectados polo incendio buscan solucións para que non se repita e para a recuperación do territorio



Nova etapa para posicionar a comarca

Rocío López e Ana Ermida son as novas directivas da Mancomunidade de concellos. **Páx. 3**

Gómez Besteiro liderará o PSOE Galego

Foi o único que presentou o mínimo de avais necesarios para ser candidato. **Páx. 5**

A Deputación presenta os orzamentos

Ascenderán a 116 millóns de euros, un 5% máis que os que están en vigor este ano. **Páx. 25**

Mariña Patrimonio



Manuel Miranda é o presidente do colectivo cultural da comarca. **Páx. 4**

Xornadas de Pesca



Manuel Máximo Díaz é o secretario da Cofradía de Pescadores de Celeiro. **Páx. 27**

Club de Natación de Xove



Este club é o único neste deporte na comarca da Mariña. **Páx. 29**

O NOSO BLACK FRIDAY

DURA ATA O VERÁN

1.000 Mb 20 GB

10€/mes 41€/mes Durante 7 meses

E se contratas ADAMO TV, todos os partidos de 2ª División de fútbol GRATIS (Ata o 15 de decembro)

Chama gratis ao **900 651 679** ou configura o teu paquete personalizado en www.adamo.es

adamo
Fibra - Móbil - Fixo - TV

Oferta válida para novos clientes que non contrataran ningún servizo ou produto de Adamo nos últimos 3 meses desde a data de inicio desta promoción e que contraten entre o 01/11/2023 e o 30/11/2023, ambos incluídos. Promoción non combinable con outras promocións. Esta promoción inclúe: (1) Servizo de acceso a Internet Fibra 1.000 Mb+ Móbil 20 GB durante os 7 primeiros meses a 10€/mes e, posteriormente, a 41€/mes (ambos importes con IVE e cota de liña incluídos). Non inclúe cota de activación por importe de 12,10€ (IVE incluído), mais si instalación de router premium. Servizo suxeito a permanencia durante 12 meses desde a súa contratación. En caso de cancelación anticipada do servizo, aplicarase o custo de 163,35€ (IVE incluído) de forma proporcional aos meses restantes do período de permanencia. Líñas de móbil adicionais limitadas a un máximo de 4 por cliente.

A MARIÑA

O GDR Terras de Miranda aposta polo produto local nos comedores escolares



O GDR Terras de Miranda xa forma parte do novo proxecto de cooperación denominado Rede de Ecomedores. Unha idea que ten como obxectivo a incorporación de produto local, de tempada e ecolóxico nos menús dos comedores escolares.

Así, os centros CEIP Plurilingüe Celso Currás de Trabada, o CEIP de Cervo, o Pedro Caselles Rollán de Xove e o CEIP Santa María, do Valadouro, son os primeiros participantes neste proxecto.

En cada centro o GDR puxo a disposición dos centros un equipo de nutrición que revisou os menús do comedor, fixo un cálculo da cantidade de verduras que se consumen, valorouse a coordinación coas explotacións do territorio, a ampliación dos protocolos de cociña e fíxose un asesoramento nutricional.

Tamén promoveu xornadas de formación para persoal de cociña e charlas para familias como no IES de Foz no que recentemente se realizou unha xornada de cociña co obxectivo de iniciar un proceso de creación dun círculo curto de comercialización que permita un achegamento entre os produtores locais e os comedores escolares.

Ademais de crear espazos de colaboración e comercialización para pequenos produtores, con este proxecto tamén se promoven os produtos locais, diminuindo a pegada ecolóxica da alimentación, ao tempo que se dinamiza a economía local e se fortalece a capacidade de produción de pequenos produtores, xeralmente novos emprendedores.

Catro centros escolares da comarca participarán nunha liga sobre ciberseguridade

Alumnos de 4º de ESO dos centros IES Perdouro de Burela, o IES Marqués de Sargadelos de Cervo, o CPR Plurilingüe Martínez Otero de Foz, e o IES Plurilingüe San Rosendo de Mondoñedo participarán neste curso na modalidade preamateur da V Ciberliga 2023, unha actividade teórico-práctica de formación en ciberseguridade e en prol dun exercicio responsable da cidadanía dixital.

Será o Instituto Nacional de Ciberseguridade o que desenvolva a actividade ao longo do primeiro trimestre do curso 2023-2024, con dúas fases clasificatorias. A primeira delas, a nivel galego, consistirá nunha formación en *streaming* dunha hora de duración á que seguirá un

ciber-reto nun espazo virtual seguro no que participará o alumnado en grupos de tres ou catro.

Neste ciber-reto terán a oportunidade de poñer en práctica os coñecementos de ciberseguridade aprendidos na sesión anterior.

Pasarán á segunda fase, a nivel nacional, os cinco mellores equipos clasificados no ciber-reto a nivel galego. Desenvolverase, con similares características e probas, en Aranjuez do 14 ao 16 de novembro.

Ademais dos catro centros mariñoas, tamén están incluídos o CPI Dr. López Suárez de Friol, o CPR Real Colegio Padres Escolapios de Monforte, o CPR Plurilingüe Ntra. Sra. de la Asunción e o IES Gregorio Fernández de Sarria.

Máis de 2.000 hectáreas foron afectadas no incendio de Trabada



O incendio forestal rexistrado no concello lugués de Trabada o pasado 12 de outubro sobre as 15.00 horas quedou extinguido, despois de afectar a unha superficie de 2.326 hectáreas, a maior parte delas de monte arborado, na súa maioría, eucalipto.

O lume, que chegou a Ribadeo, fixo que se mobilizaran, en conxunto, 8 técnicos, 72 axentes, 114 brigadas, 78 motobombas, 3 pas, 1 tractor, 4 unidades técnicas de apoio, 6 avións e 3 helicópteros. Instalouse, así mesmo, un Posto de Mando Avanzado para coordinar as tarefas de extinción. A alcaldesa de Trabada, Mayra García Bermúdez, fixo balance unha semana despois do lume. "Non podo estar máis agradecida con todos os que colaboraron para apagar o lume". Tamén quixo agradecer a implicación "de todas as administracións, así como aos veciños de Trabada e concellos limítrofes que usaron tractores e cisternas para frear o avance do lume", engadiu a alcaldesa.

"En momentos coma os que vivimos estes días é cando se mide a solidariedade dun pobo", sostivo Mayra García Bermúdez, quen confía en que "caia todo o peso da lei sobre quen orixinou este dano tan grande á nosa comarca, e poder pouco a pouco volver á normalidade".

Pola súa banda o alcalde de Ribadeo, Dani Vega, tamén agradeceu todo o traballo realizado para o control e extinción do incendio aos diferentes axentes implicados. "Grazas aos veciños que estiveron traballando incansablemente, polas noites cando estabamos todos permanentemente en alerta eles estaban axudando", dixo Vega.

XUNTANZA CON MEDIO RURAL

Os alcaldes de Ribadeo, Daniel Vega, Trabada, Mayra García, e de Foz, Francisco Cajoto, mantiveron unha xuntanza co conselleiro do Medio Rural, José González, e os directores xerais de Defensa do Monte, Manuel Rodríguez, e de Planificación e Ordenación Forestal, José Luis Chan, para tratar a situación e os pasos a seguir tras os lumes que se rexistraron recentemente nos montes destes municipios da Mariña.

Na xuntanza avanzouse que por parte da Consellería do Medio Rural elaborárase un informe técnico sobre o estado da masa arborada afectada. Esta información detallada servirá para planificar as actuacións oportunas en relación coa recuperación post incendio. Ademais, programáronse diferentes charlas cos propietarios forestais afectados para axudalos a optimizar a xestión das áreas das que son titulares.

A maiores, abordárase cos diferentes organismos sectoriais implicados a axilización das cortas de madeira, co fin de aproveitar este recurso da mellor maneira posible. No encontro tratouse tamén, cun enfoque máis a longo prazo, a planificación integral do territorio, na procura de avanzar cara a fórmulas que afonden en seguir mellorando a xestión forestal, cun enfoque sustentable tanto dende o punto de vista económico como social e ambiental.

Fran Cajoto explica que "A Mariña, xunto ao norte da Coruña, é o principal centro produtor de eucalipto de España. Os montes son o peto de moitas familias e

debemos coidalos. Estes incendios foron un aviso". Tamén defende unha profesionalización do servizo de prevención e defensa contra o lume: "as competencias forestais é da Xunta de Galicia. O modelo de convenios cos concellos para crear brigadas municipais con persoas en paro durante dous ou tres meses quedou desfasado". O rexedor focego aposta por máis persoal e máis profesionalizado, contratado directamente pola Xunta. "Precisamos de persoal profesional e contratado todo o ano que en momentos de baixo risco de incendios faga tarefas de prevención, como desbroces ou acondicionamento de depósitos de auga", engade Cajoto.

Ademais, todos reclamaron un estudo "para analizar a mellora e ampliación dos depósitos, hidrantes e puntos de captación do distrito e definir camiños principais ou prioritarios para zonificar os montes e que sirvan de cortalumes. Hai outros aspectos da xestión forestal como a dos puntos de carga de madeira que non podemos esquecer, para que a actividade da saca de madeira non prexudique aos veciños da zona. Pedimos investimento real, que os mapas de franxas de protección se completen coas vivendas illadas. Falamos do papel fundamental que tiveron na extinción dos incendios de Foz as cisternas dos gandeiros da zona e o conselleiro avanzou a intención de incluílas nos operativos dunha forma máis profesional, con comunicación directa cos postos de mando, para evitar riscos".

Rocío López é a nova presidenta da Mancomunidade de Concellos

Rocío López, a alcaldesa de Lourenzá, é a nova presidenta da Mancomunidade de Concellos da Mariña Lucense. Así o decidiu a asemblea celebrada no Cenima, en Foz, na que tamén se nomeou a Ana Ermida, a alcaldesa de Barreiros, como vicepresidenta nesta nova etapa. López explicou que “para a vicepresidencia propuxen a Ana Ermida, a alcaldesa de Barreiros. Estou moi contenta de que aceptase formar parte deste proxecto porque creo que é un exemplo, xa que ao marxe das cores políticas todas e todos podemos traballar na mesma dirección. E estou segura de que as dúas aportaremos cousas moi positivas para o conxunto da comarca”.

A rexedora de Lourenzá dixo crer firmemente na Mancomunidade “tamén como un instrumento de axuda aos Concellos porque a experiencia me di que hai moitas cousas difíciles de sacar a diante individualmente, pero de xeito conxunto son máis fáciles de abordar, se optimizas servizos consegues aforrar custos. Dende hoxe poñereime a disposición de todos os concellos porque creo firmemente en que o camiño correcto é ir todos da man, deixando de lado as cores políticas, creo nas persoas e nos feitos porque todos buscamos un interese común que é o ben para a comarca. Iso xa se veu demostrando ó longo destes anos xa



que cada vez que son máis as cousas que se aproban por unanimidade e creo que iso é de celebrar”.

A nova presidenta da Mancomunidade considera que “debemos seguir posicionando a Mariña como un xeodestino, temos unha climatoloxía moi favorable e somos moi ricos en recursos turísticos e cada ano gañamos en cifras de visitantes. Debemos aproveitar todo iso e adaptar a oferta turística buscando a desestacionalización fóra dos meses de verán. Seguirei traballando nese eido como o facía Fran para que cada vez A Mariña sexa máis coñecida fóra das nosas fronteiras”.

López substitúe no cargo a Fran Ca-

joto, alcalde de Foz, que chegou á presidencia da Mancomunidade no 2020. O rexedor é deputado de Recursos Sostibles da Deputación de Lugo, motivo polo que considera que chegou a hora de proceder ao relevo na presidencia da Mancomunidade: “considero que non se deben acumular cargos nunha mesma persoa”. Cajoto fai un balance positivo do seu paso polo ente: “conseguimos o Plan de Sostibilidade Turística para A Mariña, que está a supoñer un investimento moi importante para esta comarca, estamos a falar de 2.225.000 euros destinados a un proxecto de turismo sostible que ten identidade propia e que está en marcha”.

O PSOE pídelle á Xunta que desbloquee a VAC Costa Norte

A portavoz de Infraestruturas do Grupo Socialista, Patricia Otero, reclamoulle á Xunta que desbloquee a VAC Costa Norte entre Ferrol e San Cibrao. A responsable socialista preguntou en Comisión sobre un proxecto anunciado en 2001 que debería ter sido finalizado en 2007, pero que a día de hoxe só ten rematados dous tramos que foran licitados no

seu día polo goberno presidido polo socialista Pérez Touriño.

Otero criticou que o director da Axencia de Infraestruturas sinalara que o Goberno galego está a traballar en “vías prioritarias” nas dúas provincias, adiando sine die unha infraestrutura fundamental para romper co illamento das comarcas da Mariña e Ortegal.

A responsable socialista explicou

que a obra, anunciada por Fraga no 2001, tiña que rematar no 2007, pero foi abandonada nun caixón ata que chegou o goberno socialista de Pérez Touriño, que licitou os únicos dous tramos rematados ata o momento. Trátase da variante de Xove, en Lugo, inaugurada en 2017, e a variante de Ortigueira, inaugurada en 2013, pero dende ese momento a obra segue parada.

Máis de 56.000 familias da Mariña accederon a Internet de alta velocidade desde 2018



Un total de 56.137 familias da Mariña accederon a fibra óptica ao longo dos últimos cinco anos. Os seus fogares atópanse en 13 dos 16 concellos que conforman a comarca, quedando, por tanto, só tres deles pendentes de instalación. A despregadura produciuse da man de Adamo, o operador que executou este traballo de enxeñaría que supón un fito no desenvolvemento recente das comunicacións na provincia.

OUROL, TRABADA E O VICEDO.

En concreto, os 13 concellos xa co servizo de telefonía, da internet ultrarrápido de ata 1.000 Mb e de TV á carta proporcionado por Adamo son Alfoz, A Pontenova, Barreiros, Burela, Cervo, Foz, Lourenzá, Mondoñedo, Ribadeo, Riotorto, O Valadouro, Xove e Viveiro. Desta maneira, Oural, Trabada e O Vicedo están á espera de estrear a infraestrutura, o cal se producirá, de maneira progresiva, entre finais deste ano e principios de 2024.

DESPOBOAMENTO. É preciso lembrar que este avance nas telecomunicacións da Mariña impulsado por Adamo é un elemento clave para facer fronte ao despoboamento. É dicir, a fibra óptica como freo á marcha dos mozos que se rexistra desde hai anos en numerosos pobos galegos.

Ademais de axudar contra este temido fenómeno, a conexión a Internet de alta velocidade –os citados ata 1.000 Mb que fornece Adamo permite realizar con garantías actividades hoxe habituais: teletraballo, educación en liña, compras por Internet, citas médicas telemáticas ou gozar de videoxogos, series e películas en remoto, entre outras.

OLA, VECIÑO! Co obxectivo precisamente de dotar de conexión de calidade aos sitios máis apartados, Adamo dispón dunha práctica ferramenta: Ola, veciño! Trátase dun formulario que se pode encher na web da empresa que lle permite a esta avisar ao interesado en canto a fibra chegue ao seu fogar. Así mesmo, en adamo.es, ao picar en Chamámosche, un teleoperador poñeráse en contacto co cliente, que tamén pode marcar o 1600 para recibir información e/o contratar produtos.

A PROVINCIA. Cabe lembrar que a comarca forma parte de todo un plan de expansión da compañía, que acumula máis de 87.000 vivendas cableadas en 36 concellos lucenses desde 2018. Para sufragar tales actuacións, Adamo investiu 20 millóns de euros e contratou a 300 traballadores locais en enxeñaría, despregadura, mantemento e comercialización.

Nosotros elegimos la Tierra

edp

es.edp.com

“Na Mariña temos unha riqueza arqueolóxica moi grande”

Manuel Miranda é o presidente do colectivo cultural Mariña Patrimonio

Cal é o seu ámbito de traballo?

Ben, como o propio nome indica é a Mariña, pero nos estatutos poñemos como ámbito toda Galicia. Pero nun principio é a Mariña aínda que cando sabemos dunha destrución do patrimonio fóra da comarca tamén o denunciámos e actuamos.

Cal é o achado máis representativo?

Nós a verdade é que nestes anos que levamos traballando descubrimos, imos dicir así, moitos xacementos arqueolóxicos, que é bastante importante. Nós cando temos coñecemento ben porque os descubrimos, ben porque algún veciño ou alguén nos informa del o que facemos é comunicarllo á Dirección Xeral de Patrimonio e unha vez comunicado, algunhas veces actúa correctamente. Descubrimos desde xacementos moi importantes do Paleolítico como por exemplo na zona de río Cobo, en Cervo, ata mámoas, e tamén temos descuberto un número moi elevado de castros. Non hai un que destaque máis xa que depende moito de quen o vexa, polo que importantes nun principio son todos. **Cantos castros haberá na comarca?**

A verdade non o sei. Fai anos accedemos a un listado da Xunta que era dos xacementos arqueolóxicos no que chamaba a zona norte da provincia de Lugo, e nesa lista contaban uns 500 elementos arqueolóxicos. Pero na Mariña agora non sei cantos pode haber, non sei se hai algunha contabilidade diso, porque ademais van aumentando cada pouco tempo.

Cre que a veciñanza informa sobre os posibles xacementos?

Si, malia que evidentemente hai de todo. Hai xente que non quere que se saiba, por exemplo que hai un castro na súa zona porque pensa que lle pode traer algún prexuízo e a verdade é que algún pode traerlles porque, por exemplo, se tes pensado plantar eucaliptos resulta que a lei prohíbe plantalos. Iso a xente sábeo e hainos que prefiren plantalos a que o castro estea protexido e prefiren calar a boca. Pero desde logo tamén hai moita xente que sabe a importancia que teñen os restos arqueolóxicos e o patrimonio en xeral e cando saben dalgún si que nolo comunican e ademais séntense moi orgullosos de que no seu pobo, na súa parroquia haxa un castro ou unhas mámoas espectaculares.

Entón é unha cuestión de concienciación?

Si, en parte é unha cuestión de

concienciación ou de información. Moita xente non sabe o significado dunha mámoa, non sabe o que é nin a importancia que ten. Normalmente cando se lle explica incluso á que nun principio é reticente, tamén o sabe valorar. Por iso unha das misións de Mariña Patrimonio é a divulgación, que a xente saiba o que ten, porque para protexelo, para que a xente saiba o que é, ten que estar informada.

Esta concienciación vai en aumento?

Desde logo que si, e moito. Por unha parte a xente ve máis noticias e sabe da importancia dun castro ou dunha escavación e cando sabe que na súa parroquia hai un parecido tamén lles gusta saber que teñen algo importante.

Como detectan algún xacemento?

Nós detectámolos coas fotografías

prensa, e a Xunta e o Seprona actuaban. E claro, miras agora cando hai os cambios de fotos e comparas, e ves que as mámoas se respectan, non plantan enriba de mámoas, os castros non están plantados, non meten a paleadora, etc. Na Mariña había 20 xacementos afectados a na actualidade ao mellor ves un.

Ás veces a preservación do patrimonio vai contra algúns intereses económicos ou políticos?

Si, desde logo. Nós somos conscientes de que se tes un monte e nel un castro, pois non podes plantar e por suposto é un prexuízo pero hai que telo en conta. Eu o exemplo que poño moitas veces é como a xente que ten terreos en Barreiros a poucos metros da praia e que lles prohiben construír un chalé. E iso son moitísimos máis prexuízos que plantar uns eucaliptos. Hai unhas



“Hai unhas leis que prohiben uns certos usos en certas partes do territorio e as leis hai que respectalas. Evidentemente crea un malestar”

aéreas, por exemplo ves todo o territorio e estas vanse renovando cada certos anos. Nós, que sabemos onde están os xacementos arqueolóxicos, cando hai unha renovación desas fotografías comprobamos si se viron afectados, por exemplo, polas cortas de eucaliptos e, dende hai uns anos cada vez que había un cambio de fotos pois detectabas que había unha destrución moi grande. Nesas épocas nós empezamos a denunciar, empezouse a saír en

leis que prohiben uns certos usos en certas partes do territorio e as leis hai que respectalas. Evidentemente crea un malestar para quen teña nunha leira un castro ou unha mámoa, igual que é unha molestia para quen teña unha leira a menos de 100 metros do mar.

Traballan da man de Patrimonio na catalogación?

Desde a asociación sempre estamos abertos a colaborar e, en efecto, colaboramos con todas as administra-



cións, cos concellos coa Deputación, e con Patrimonio tamén. O que pasa é que nós detectamos que hai un problema moi grande co servizo de Patrimonio de Lugo. Detectamos que na súa maneira de actuar hai moitas cousas que non se están facendo como se terían que facer, nós estamos máis ou menos pendentes do que fai o servizo de Patrimonio, do servizo de Arqueoloxía de Lugo, e atopamos que hai certas cousas que non están ben feitas e nós dicímolos sen ningún problema. E cando

“Durante todo o ano temos actividades, por exemplo, estes anos intentamos visitar todos os concellos da Mariña e o seu patrimonio”

vidade que fixemos estes anos foi intentar visitar todos os concellos da Mariña e dar unha volta polo seu patrimonio cultural, non só arqueolóxico. Unha cousa que nos chamou a atención e que á xente lle gusta moito polo que empezamos a ir a igrexas, ás máis significativas de cada concello. E hai que recoñecer que temos un patrimonio importantísimo e moi rico, un patrimonio en ocasións moi esquecido, moi abandonado tamén, e que cremos que é un patrimonio que hai que empezar a valorar e a sacarlle partido porque temos unha riqueza moi grande.

O Concello de Cervo anunciou hai un ano a creación do primeiro centro arqueolóxico da Mariña que estará situado na Atalaia. Que lle parece a idea?

Parécenos moi ben, entre outras cousas porque a idea foi nosa. A Asociación Mariña Patrimonio naceu precisamente dun conflito que houbo na Atalaia onde se deu licenza para construír uns edificios e nós opuxémonos e en parte os edificios non se fixeron grazas ao traballo que fixemos para que non se chegaran a facer. Tivemos un enfrontamento bastante grande co Concello, pero a partir de aí as relacións co Concello foron moi boas, foron de total diálogo e conxuntamente con eles temos falado moitas veces que se podía facer alí e a nosa aposta era precisamente que se fixera un centro nesa zona e ademais nun dos edificios que provocou a destrución de 1.000 m2 de xacementos arqueolóxicos. Falando co alcalde daquela época, pareceulle moi boa idea e apostou por esa vía e a nós evidentemente parécenos unha moi boa idea. A verdade é que na Mariña temos unha riqueza arqueolóxica moi grande e fai falla un centro ou un museo para poder acoller todas as pezas arqueolóxicas que podan aparecer na comarca e este sería un lugar ideal. O que non é lóxico é que pase como está pasando agora é que, por exemplo, as pezas que aparecen na ría de Viveiro ou as que apareceron no mar en Xove vaian para museos doutras vilas como o Museo do Mar en Vigo ou o Museo Provincial de Lugo ou que estean metidas nun almacén e que non se poidan ver, pois son importantísimas.

unha Administración actúa correctamente, tamén hai que recoñecelo e dicilo, pero a Dirección Xeral de Patrimonio, concretamente o Servizo de Arqueoloxía de Lugo AC actúa moi mal en moitísimas ocasións e nun número moi elevado de ocasións.

Fan actividades durante todo o ano?

Outro dos nosos labores máis importantes é a divulgación, ensinalle á xente. Durante todo o ano temos actividades, por exemplo, a acti-



Besteiro será o candidato do PSOE á Presidencia da Xunta de Galicia

O deputado socialista no Congreso pola provincia de Lugo, José Ramón Gómez Besteiro, vén de ser proclamado de maneira provisional como candidato do PSdeG-PSOE á presidencia da Xunta de Galicia ao ser o único dos aspirantes ás primarias que aporta os avais requiridos para concorrer a este proceso.

O equipo de Gómez Besteiro fixo entrega este mércores do máximo de avais permitidos, un total de 1.024 sinaturas, mentres que o precandidato Manuel Losada Fernández non pasou o corte ao non reunir o mínimo dos avais establecidos, que eran 615, equivalentes ao 6% da militancia que ten o PSOE en Galicia.

Deste xeito, a Comisión Nacional de Ética do PSdeG vén de proclamar de maneira provisional a José Ramón Gómez Besteiro como candidato á presidencia da Xunta nas próximas eleccións autonómicas. En caso de que non houbera reclamacións, a proclamación definitiva do candidato producirase transcorridas 24 ho-



ras do remato do proceso.

Besteiro agradeceu a confianza dos case 3.000 militantes que lle apoiaron: "A falta de dúas horas e media para que termine o prazo, quixen entregar persoalmente os avais, xunto con outros compañeiros e compañeiras, porque creo que é unha forma de demostrar o meu agradecemento aos preto de 3.000 militantes que me trasladaron a súa confianza". José Ramón Gómez Besteiro chegaba á sede socialista acompañado por varios militantes, onde fixo

entrega das carpetas con centos de avais -faltan os votos telemáticos- e ante os medios insistiu no "proceso enriquecedor e exemplo de democracia interna que son as Primarias do Partido Socialista que, a ninguén se lle esqueza, empezaron en Galicia en 2013".

O deputado galego declarou "sentirse abrumado" polas mostras de agarimo recibidas nas agrupacións e insistiu na confianza das e dos compañeiros "porque o aval é unha declaración pública de apoio".

A Mancomunidade presenta a campaña 'Que non che entre o pánico co orgánico'

A Mancomunidade continúa coa súa actividade á marxe da promoción turística da comarca, a súa principal actividade. E vén de presentar a campaña 'Que non che entre o pánico co orgánico'.

Ao abeiro dunha subvención do Fondo de Compensación Ambiental a agrupación dos 16 concellos mariñaos foi quen de realizar unha diagnose completa da recollida de lixo na comarca. A presidenta explica que se "fixo un mapa detallado da recollida de residuos na comarca, fotografando a totalidade dos contedores - tamén no rural - e creando un mapa con todos eles". E subliña "é un mapa interactivo: premendo en cada punto coñecemos o número de contedo-

res, o volume de cada un e incluso aparece unha fotografía do punto de recollida. É unha cantidade de datos moi importante".

Froito dunha subvención de Fondos Europeos Next Generation a agrupación de concellos xestionou a compra conxunta de contedores de 800 e 360 litros, máis de 150 mil bolsas e case 2 mil caldeiros.

"O propio lema persegue concienciar á poboación de reducir o volume de lixo, separar correctamente e reciclar a materia orgánica. Contamos cunha guía completa de como facer compostaxe se dispoñemos de vivenda unifamiliar e tamén de material para informar de que residuos se deben depositar no contedor marrón".

O BNG propón un plan integral de reforma e mellora da N-640

O portavoz do BNG no Congreso, Néstor Rego, vén de presentar na cámara baixa unha proposta para que o Ministerio de Transportes aprobe un Plan Integral de reforma e mellora da N-640, dadas as numerosas deficiencias, problemas de seguranza viaria e mal estado do firme en moitos tramos do seu percorrido.

A N-640 atravesará Galicia desde Ribadeo ata Vilagarcía de Arousa,

"sendo o principal eixo de comunicación viaria entre Lugo e Pontevedra posto que non hai alternativa dunha vía de alta capacidade. De aí a necesidade de mellorar o seu estado", subliña Rego.

Outro factor a ter en conta é que esta vía conecta localidades e funciona como a principal travesía urbana en municipios de Lugo como Meira, Monterroso, A Pontenova, ou Antas de Ulla. Neste sentido,

indica o deputado do BNG, serían precisas medidas de calmado de tráfico: sinais de redución de velocidade, semáforos, pasos de peóns ou pasos elevados como se tén reclamado desde A Pontenova.

"É preciso corrixir tramos perigosos como o situado entre Meira e Trabada e habilitar tamén carrís para vehículos lentos no tramo de subida a Marco de Álvarez", indicou.

IV XORNADAS TERRA DE MIRANDA



Presentouse a cuarta edición das xornadas Terra de Miranda, que terá lugar os días 10 e 11 de novembro na casa da cultura da Pontenova. Esta iniciativa que impulsan os concellos de Meira, Riotorto, Trabada e A Pontenova, en colaboración coa Nova Escola Galega, ten como obxectivo analizar a situación do medio rural desde a óptica educativa e en concreto este ano centrarse no despoboamento e na importancia de potenciar o turismo sostible no territorio. As xornadas abordarán temas de patrimonio, de historia ou de medio ambiente. Darío Campos, rexedor da Pontenova sinalou que "a situación do rural é cada vez máis desfavorable, porque os concellos temos cada vez menos recursos e máis competencias".

almayo
muebles

**NUEVA COLECCIÓN
OTOÑO-INVIERNO
PARA DARLE A TU CASA
UN ESTILO DIFERENTE**

RIBADEO: Rúa San Francisco, 2-4 Bajo 6 / Tel.: 636 761 883
BARREIROS: Pol. Ind. Cruz do Lobo - Nave 10 / Tels.: 982 585 709 / 652 110 377
BURELA: C/ Curros Enríquez, 12 / Tel.: 660 402 954

O PP di que “operarios municipais traballaron nunha urbanización privada”



O PP de Foz pedirá acceso á documentación dos traballos realizados por operarios e maquinaria municipal nunha urbanización privada. “Hai uns días que o PP tivo coñecemento de que o goberno local destinou persoal e maquinaria do Concello a realizar diversos traballos en terreos dunha urbanización privada de Marzán, unha situación anómala sobre a que se realizaron varias

preguntas no Pleno, obtendo por resposta escusas que non nos cremos”, din os populares. A concelleira popular, Verónica Soto, explica que “debido a que non nos fiamos da palabra do alcalde, pediremos toda a documentación relacionada con este asunto xa que todo o que nos dixeron semella desculpas para tapar algunha conveniencia dalgun membro do equipo de goberno”.

Foz avanza no proxecto de ser un municipio cardioprotexido



O Concello de Foz segue avanzando no proxecto de ser un concello cardioprotexido polo que veñen de instalar dous novos dispositivos DESA ou desfibriladores.

A concelleira de Sanidade do Concello de Foz, Kathy Navarro, informou da adquisición destes dous novos aparatos e que estarán dispoñibles no Centro Social e no Cenima.

“Estes novos dispositivos súmanse aos anteriores adquiridos avanzando nun Foz cardioprotexido”, di Navarro.

Tanto estes novos desfibriladores, coma os xa existentes, están actualizados e poderán localizarse na app Urgencias Sanitarias 061 Galicia.

Comezaron as expropiacións dos terreos para as rotondas de Cangas

As expropiacións dos terreos necesarios para a construción das dúas rotondas proxectadas polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana na estrada Nacional 642 ao seu paso por Cangas de Foz estanse a levar a cabo co levantamento de actas previas de ocupación.

O alcalde de Foz, Fran Cajoto, mostrouse moi satisfeito polo compromiso do Goberno do Estado co Concello. “Levamos feitas moitas xestións na anterior lexislatura e tiveron os seus froitos. Non son promesas nin papeis, coa expropiación dos terreos iniciamos de verdade a construción das rotondas de Cangas”, manifestou Fran Cajoto en relación á expropiación dos terreos para construír dúas rotondas sobre a Nacional 642 na parroquia de Cangas.

“Con estas rotondas eliminamos dous puntos negros e facilitamos a mobilidade. O cruce coa estrada a Ferreira é especialmente perigoso: incorporarse desde o Centro Social de Cangas non resulta nada do-



do. Ademais os veciños de Ribela e a Gralleira ven limitado o acceso ás súas vivendas ao non permitirse o xiro á esquerda sobre a Nacional; con esta actuación imos solucionar este problema”.

Son unhas obras que, en palabras do alcalde, teñen unha “gran demanda veciñal”, tanto pola AA VV San Pedro de Cangas como por todos os habitantes das parroquias máis

beneficiadas: Cangas e Cordido. A obra das dúas rotondas, despois da actualización de prezos, elévase a un orzamento de 720.875,65 euros. O alcalde di que “o 31 de agosto do 2022 publicárase no BOE a aprobación provisional do proxecto. A anterior secretaria de Estado, Isabel Pardo de Vera, presentouno en Foz o 13 de xaneiro deste ano e o 23 de marzo publicouse no BOE”.

A AXENDA DO MES DE NOVEMBRO

CHARLAS MÉDICAS. Os mércores 8, 15 e 22 de novembro ás 20.00 horas na casa da cultura de Foz terá lugar unha nova edición do ciclo de charlas médicas que o Concello de Foz está a organizar estes últimos anos en colaboración co Hospital Público da Mariña. A concelleira de Sanidade, Comercio e Turismo, Kathy Navarro, anuncia: “este ano comezamos o mércores 8 con Maite Lanza Méndez, traballadora social e técnica responsable das actividades de prevención da Unidade de Drogodependencias, que nos vén falar de Deixar de fumar: por que e como? O mércores 15 o urólogo Marco Antonio García Expósito centra a súa charla na Próstata: que deberíamos saber? E remataremos esta edición o mércores 22 co psiquiatra Diego González Peña, que comentará sobre A saúde mental na actualidade”.

BANDA DE MÚSICA. A Banda de Música de Foz celebra o vindeiro 25 de novembro unha cea baile na sala Bahía con motivo dos seus 30 anos. Nesta cita actuarán Felipe Sánchez, Margarita Gutiérrez, Toxo Guayaba, Eventec e A Subela de Foz. Para asistir será necesario conseguir a entrada na casa da cultura ou na escola de música antes

do 18 de novembro. O menú da cea terá sopa de peixe e carrilleiras ao viño tinto con patacas fritidas, sobremesa de milfollas, viño, auga, refrescos, café e *chupito*. Todo isto por un prezo de 30 euros para os adultos e os nenos de 3 a 12 anos pagarán 15 euros.

UNED. A Aula Universitaria da UNED de Foz vén de inaugurar unha nova sección denominada UNED Foz mes a mes, na que se expón a programación da aula para cada mensuralidade. Para este mes de novembro déronse a coñecer tres actividades: unha exposición e dous cursos de extensión universitaria. A exposición do CEIDA, que leva por título *O cuidado do noso mar*, estará exposta na sala de exposicións do CENIMA do 6 ao 30 deste mes. En Extensión Universitaria anúnciase unha formación en francés básico, en concreto no Nivel A2 do MCERL, do 3 ao 16 de novembro; e outra centrada na vulnerabilidade da infancia denominada Análise do maltrato físico, psíquico e emocional da infancia (Desenvolvemento da Lei 8/2021 de Protección Integral da Infancia e a Adolescencia), do 27 de novembro ao 1 de decembro.

O Concello de Foz atopa máis de 150 quilos de lixo na limpeza da praia de San Pedro de Cangas



Unha vez máis, Foz celebrou a XII Simultánea de Praias, unha iniciativa organizada por Adegas coa colaboración dos Departamentos de Medio Ambiente e Medio Rural de Foz.

Nesta edición, que tivo lugar no mes de outubro, atoparon máis de 150 quilos de lixo na praia de San Pedro de Cangas.

A praia é de difícil acceso, “polo que a limpeza faise máis complexa”, dixeron os participantes. Iso non lles impediu atopar aparellos de pesca, envases de todo tipo, gomas como dúcias de solas de zapatos e nu-

meros pneumáticos. O obxectivo principal destas limpeza é o de concienciar á sociedade da problemática dos residuos no medio mariño e da necesidade da redución de plásticos e envases a través dunha actividade que mobiliza a un gran número de persoas en toda Galicia nun mesmo día. Dende o Concello de Foz queren trasladar o seu agradecemento a todas as persoas voluntarias que adicaron toda unha mañá dun sábado “á protección destes ecosistemas tan valiosos como ameazados”.

O alcalde tratou con Portos a cesión de terreos portuarios

O alcalde de Foz, Fran Cajoto, mantivo unha reunión de traballo co director de Portos de Galicia, Roi Fernández Añón. Na xuntanza, de carácter técnico, participaron tamén a xefa da Área de Explotación e Planificación de Portos, Sabela Calzadilla, e a técnico de Medio Ambiente do Concello de Foz. Trataron asuntos como a cesión de terreos portuarios que hai no municipio e a ampliación de Porto Chico, entre outros temas.

Fran Cajoto explica que “a reunión, celebrada a petición do Concello de Foz, permitiu avanzar no convenio a tres bandas que o Concello debe asinar con Portos de Galicia e Augas de Galicia para a construción do novo tanque de tormentas da futura depuradora en terreos portuarios. Solicitámoslle a Portos incluír no convenio a conservación da nave da actual depuradora. Sería unha mágoa demolela porque está en bo estado e o Concello precisa de espazos para os servizos que presta”. Ademais o Concello de Foz demandoulle a Portos de Galicia axilidade no cumprimento do convenio asinado coa FEGAMP no ano 2021, polo que os espazos portuarios que actualmente non teñen actividade



náutica serían cedidos aos concellos a través da Dirección Xeral de Costas. “Co cumprimento do convenio evitaríamos o elevado pago que o Concello debe aboar a Portos de Galicia. Falamos tamén do estacionamento de autocaravanas e da necesidade de ordenalo. O compromiso é traballar para intentar definir uns tempos máximos de estacionamento nun espazo ben delimitado e cunha contraprestación por uns servizos que mellorarían para os visitantes”, comentou o rexedor municipal.

Outros temas que se trataron foi o

estudo da consolidación do valado no Camiño do Curbeiro (estacionamento de Valle Inclán), a prolongación da varanda en toda a lonxitude da explanada portuaria e a conservación do mural da Fábrica de Xeo. “Sabemos da importancia que ten o Mural das Pescantinas na nosa vila e solicitamos por escrito a súa conservación no ano 2020. A intención do Concello é trasladalo cando se demola a fábrica”, explicou o alcalde. O Concello de Foz tamén requiriu o arranxo do firme na explanada portuaria, que se encontra en pésimo estado.

O Entroido 2024 xa ten raíña, Carlota Fernández del Riego, da comparsa As Trouleiras



O Entroido de Foz 2024 xa ten raíña, Carlota Fernández del Riego, da comparsa As Trouleiras. Esta rapaza de 19 anos leva 14 desfilar na celebración da festa.

A elixida colle o testigo de Uxía Valmayor Flores, raíña 2023, nun dos eventos máis multitudinarios da comarca e que ademais é Festa de Interés turístico de Galicia desde marzo.

Esta cita contou con sete candidatos que son “nomes coñecidos na vila de Foz pola súa participación activa no Entroido e case todos pertencen a algunha asociación vinculada a este”, dixo o concelleiro de Festas, Ángel Fer-

nández.

Os aspirantes foron: Dérek Pérez Fernández, da comparsa Ruxe Ruxe; Coral Rey Oliveros, da comparsa Sin Xeito; Lucía López Lombardero, da comparsa Malo Será; Julio Villarino Neira -máis coñecido como O Yanki-, do grupo Vanche Galanas; Manuel Sanjurjo Rodríguez, da comparsa Os Macanudos de Barreiros; María Díaz Villamor, e a gañadora Carlota Fernández del Riego, da comparsa As Trouleiras.

A elección do rei ou da raíña foi na sala Bahía e incluíu unha cea e música para que os asistentes desfrutaran do evento.



Asociación GDR 1
Terras de Miranda.
GRUPO DESENVOLVEMENTO RURAL

OS GDRS TERRAS DE MIRANDA E MONTES E VALES ORIENTAIS LEVAN A CABO UN INTERCAMBIO DE EXPERIENCIAS CON TRES GAL DE POLONIA BASEADO NA APICULTURA



O proxecto “**Fortalecemento do coñecemento das comunidades locais sobre a importancia de biodiversidade apícola**”, realizouse dentro do programa Leader 2023-2024, entre os GDR galegos: Terras de Miranda e Montes e Vales Orientais, programando un intercambio de experiencias con 3 GAL de Polonia:

- LGD Okno Poludniowej Wielkopolski
- LGD Wrota Wielkopolski
- LGD Trakt Piastów

A viaxe organizase co fin de intercambiar experiencias no ámbito da apicultura, dos polinizadores silvestres, así como para mellorar o coñecemento dos apicultores e representantes dos Grupos de Acción Local no papel que xoga a apicultura como actividade garante dun medio ambiente resiliente ó cambio climático.

Abordáronse cuestións referidas ós métodos de produción de mel tradicionais e ecolóxicos, educación e promoción, venda de produtos apícolas e promoción das rexións. Outra das liñas de traballo foi sobre o potencial da apicultura para dinamizar as comunidades locais co deseño de experiencias de ecoturismo e agroturismo.

Os participantes realizaron durante os días 10 e 11 de outubro unha serie de visitas programadas polos GDRs en cada un dos seus territorios (zona da mariña e zona da montaña), nas que puideron intercambiar experiencias con produtores apícolas locais de recoñecido prestixio dos seus meles, recibidos tamén por autoridades locais e membros das Xuntas Directivas e persoal técnico.

Durante as mesmas entre outras, visitaron explotacións apícolas locais, Ecomuseos relacionados coa apicultura e Centro de interpretación da faba de Lourenzá, o Xardín dos polinizadores Fernando Fueyo, experiencias turísticas ligadas ao apiturismo e lugares naturais e culturais destacados de ambos territorios. Concluindo as mesmas con unha xornada de traballo para futuras colaboracións entre os GDRs galegos e os GAL polacos.



O Concello terá representación no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade abriu un novo ciclo 2023-2027 cunha Asemblea Xeral na que se aprobou por unanimidade a composición da nova Comisión Executiva.

O Concello de Viveiro estará representado nesta executiva coa presenza como vocal da concelleira Lara Fernández Fernández-Noriega. “É importante formar parte dunha organización que traballa no eido da cooperación ao desenvolvemento cunha xestión profesional e transparente, que realiza proxectos con impacto nos países do Sur Global e sensibiliza á sociedade galega a prol da solidariedade internacional”.

O equipo técnico da entidade repasou a continuación as accións que se están a promover no ano en curso e presentouse tamén en primicia a campaña ‘313 Olladas Solidarias’, que o Fondo Galego desenvolverá neste último trimestre por toda Galicia co fin de ampliar o número de administracións locais socias.

Os orzamentos autonómicos achegan máis de 1,6 millóns de euros

O Concello obtivo o compromiso do conselleiro do Mar da Xunta, Alfonso Villares, e do presidente de Portos de Galicia, José Antonio Álvarez, para desbloquear varios proxectos importantes para a vila.

Entre os temas tratados, están os danos na rampla que dá acceso á lámina de auga dende a ponte da Misericordia. Portos comprometeuse a manter a curto prazo unha reunión co servizo provincial de Costas e o Concello para avaliar a situación e acometer a actuación necesaria.

Da reunión tamén saíu o compromiso de Portos para axilizar o informe que certifique a non existencia de actividade portuaria na situación do peirao, incluída a casa do gardapeiraos. Tamén na zona do Casino, en concreto na parcela do aparcadoiro e nas pistas que hai diante do edificio. “Axilizar a tramitación deste informe é imprescindible para conseguir o expediente de reversión desas zonas para darlles outros usos por parte do Concello”, din.

Por último, falouse da posibilidade de reorganizar o espazo que une Celeiro con Viveiro dende o porto deportivo.

Por Viveiro tratará no Pleno o estado do parque da Atalaia e as subvencións a clubs deportivos

O grupo político Por Viveiro vai presentar varias mocións no Pleno do vindeiro 8 d enovembro para a súa posible aprobación. Estes rogos tratan sobre o estado das bandeiras situadas na avenida de Galicia, diante da estación de Autobuses, o parque da Atalaia e as subvencións a clubs e asociacións deportivas.

Esta bandeiras “presentan un avanzado estado de deterioro, feito que da lugar a unha imaxe de desleixo e abandono”.

O parque infantil da Atalaia en Celeiro “está nun estado lamentable pois o mobiliario está en mal estado ou totalmente inservible, herba sen cortar, maleza no muro de peche, etc. É dicir, o estado actual do parque imposibilita o seu uso e desfrute por parte da veciñanza”.

Xa por último e en novembro “os clubs e asociacións deportivas teñen pendente de ingresar por parte do Concello as subvencións, tanto nominativas como de organización de eventos, correspondentes ó ano 2023, feito que compromete a posibilidade de planificar os orzamentos da tempada recentemente comezada, de facer fronte ós gastos da mesma e a organización de no-

vos eventos”.

Polo que dende Por Viveiro rogan ao equipo de Goberno “á realización das xestións necesarias para a reposición das bandeiras, a eliminación das deficiencias no parque e a explicación da previsión de data de abono das subvencións do ano 2023”, din.

LU-540. Tamén falará da axilización nas obras de mellora da estrada LU-540, estrada que capta máis tráfico de entrada e saída do Concello.

Así, din que debido á carencia de estradas de primeiro nivel e adaptadas, “necesítanse vías de comunicación que posibiliten facer desprazamentos rápidos e que minimicen riscos de seguridade para as persoas, e un dos factores que lastra e limita o desenvolvemento económico do Concello de Viveiro, sendo prioritaria a realización das obras de mellora prometidas na estrada LU-540”.

Lembran que a Xunta de Galicia anunciaba no 2019 o proxecto de mellora da estrada e que consistiría na modificación do trazado nalgunha das curvas e na creación de 8 carrís de adiantamento.

O Concello acondiciona o parque Pernas Peón



O Goberno local acometeu recentemente diferentes traballos de acondicionamento e mantemento do parque Pernas Peón.

Entre as tarefas realizadas, “están a limpeza do estanque, as pasarelas e as fontes cunha máquina de presión, a recollida de lixo e a poda de ramas en mal estado”, explica Miriam Bermúdez, tenente de alcaldesa e responsable de Obras de Viveiro, que adianta que “está previsto acondicionar os camiños afectados polas choivas”. Desde o Concello solicítase a co-

laboración veciñal para manter o parque en boas condicións, utilizando as papeleiras dispoñíbeis e coidando o mobiliario urbano.

“Un dos obxectivos do noso goberno é revitalizar este parque, para o que se están organizando as actuacións necesarias que permitan renovo coa plantación de árbores e flores, así como a posta en marcha de espazos de convivencia e xogo. É un obxectivo ambicioso que conllevará a solicitude de subvencións, para o cal se está traballando”, engade Bermúdez.

Volve o Club de Lectura en Feminino que xa chega á súa terceira edición



O Concello de Viveiro retoma o seu Club de Lectura en Feminino e que chega á súa terceira edición. Nesta ocasión será de novo Estíbaliz Veiga, actriz, pedagoga e divulgadora, a encargada da coordinación das reunións. Xa houbo unha primeira toma de contacto en liña e en novembro a cita será con Leticia Costas, invi-

tada ao club pois vaise traballar o seu libro ‘Golpes de Luz’.

“Convidamos a todas as persoas interesadas a participar neste club, de balde e para poñer en valor o traballo das mulleres escritoras, moitas delas galegas”, asegura a concelleira de Cultura, Lara Fernández Fernández-Noriega.

O PP esixe de novo solucións aos problemas co lixo



O PP de Viveiro esixe que o Goberno local dea solucións aos reiterados problemas coa recollida do lixo. “Nas últimas semanas, os veciños de Viveiro fixeron públicas e notorias as súas queixas polos problemas co servizo de recollida de lixo no municipio, que se agravou nos últimos días coa proliferación de depósitos descontrolados de residuos voluminosos na rúa”, din os populares.

A voceira do PP, Mariña Gueimunde, lembra que por mor dos problemas deste servizo, “xa presentamos un rogo para obter as explicacións oportunas sobre os problemas deste servizo, ao que o goberno local respondeu que eran problemas puntuais”.

Pero a realidade é que nos últimos días a situación empeorou. Mariña Gueimunde denuncia que a situa-

ción as rúas de Viveiro “é desoladora”. “Contedores, plásticos e restos de mobles e bolsas que desprende, en ocasións, un fedor desagradable” como na avenida García Dóriga. Dende o Grupo Municipal do PP tamén insisten na necesidade de poñer en servizo os colectores soterrados da rúa Nicolás Cora, “na actualidade mesturados cos antigos de rodas e amontoados nas beirarrúas ofrecendo unha imaxe penosa e pouco saudable no lugar”.

RENUNCIA. O presidente do PP de Viveiro, Óscar Rodríguez, presentou a súa renuncia como presidente do partido como “unha decisión meditada e razoada”.

O PP anuncia que convocará o congreso en Viveiro antes do Nadal para que a formación local renove os seus órganos de dirección.

Volven as Xornadas de Historia e Arqueoloxía Marítima de Viveiro

O Goberno local, coa colaboración da Federación Española de Actividades Subacuáticas (Fedas), organiza as VII Xornadas Cidade de Viveiro de Historia e Arqueoloxía Marítima, que se celebrarán os días 10, 11 e 12 de novembro.

O mes de novembro é un mes simbólico na historia marítima de Viveiro, xa que foi o 2 de novembro de 1810 cando a fragata Magdalena afundiou na ría.

As xornadas convertéronse xa nun punto de encontro de arqueólogos, historiadores e afeccionados e conseguiron reunir a case un centenar de asistentes nas últimas edicións. A inscrición nestas xornadas poderanse realizar nas páxinas web da UNED – Lugo e Concello de Viveiro.

María Loureiro, alcaldesa de Viveiro, destacou o nivel dos relatores e asegurou que a xornada xa é unha cita consolidada a nivel nacional e internacional. “É unha das mellores formas de poñer en valor a nosa historia, sempre vencellada ao mar”,



asegurou. “As xornadas inclúen unha exposición e ponencias de temas como a xestión do patrimonio, a historia marítima, a arqueoloxía subacuática ou a conservación do material”, explicou Jesús Fernández. Tamen haberá unha degustación da comida de a bordo no século XVIII, que tivo moi boa acollida o ano pasado.

“Un ano máis, todos os relatores deste foro son de primeiro nivel, consolidando unhas xornadas que

teñen unha clara vocación internacional”, apuntou pola súa parte Antón López.

A xornada do domingo será máis en clave local, con relatores sobre o proxecto Ría de Viveiro; A colección de instrumentos de navegación no programa de difusión do Museo Massó de Bueu; A restauración do pecio da Magdalena exposto no Museo da Construción Naval de Ferrol (Exponav), e A evolución da muller do mar.

Cinco rutas dende o CEP Lois Tobío viveirense serán Camiños Escolares Seguros



O Concello de Viveiro presentou o proxecto ANCAS de Camiños Escolares Seguros, que se porá en marcha con cinco rutas diferentes no Centro de Educación Primaria Lois Tobío. O proxecto, financiado polo concello, foi presentado esta mañá pola alcaldesa de Viveiro, María Loureiro, o concelleiro Jesús Fernández, e Jeanne Picard, presidenta de STOP Accidentes.

Loureiro agradeceu o traballo “da dirección e o conxunto da comunidade educativa do colexio Lois Tobío, así como de STOP Accidentes Galicia, partes fundamentais na posta en marcha deste proxecto”.

“Queremos dotar a Viveiro das infraestruturas e os plans de mobilidade necesarios para que a poboación infantil e xuvenil sinta o seu entorno como amigable e seguro, creando itinerarios peonís que aseguren a accesibilidade e mobilidade sostible de nenos, nenas e adolescentes”,

afirmou a alcaldesa.

O proxecto ANCASponse en marcha despois dun amplo proceso de traballo, con talleres teóricos e prácticos e enquisas de hábitos de mobilidade entre as familias para confeccionar o mapa das diferentes rutas empregadas polo alumnado no seu camiño á escola.

Deste modo, co proxecto lógrase fomentar a participación cidadá, mellorar a convivencia e impulsar costumes saudables de seguridade viaria e respecto ao medio ambiente. “Cos camiños escolares traballaremos os valores sociais da prudencia, a responsabilidade, a solidariedade, o respecto e a autonomía dos nenos e nenas; haberá cinco rutas diferentes e desde o concello estamos convencidos de que esta primeira proba do Lois Tobío será o comezo dunha experiencia que se trasladará a outros centros educativos”, rematou a alcaldesa.

Capturáronse 6.389 avespas raíñas e retiráronse 168 niños de velutina

O equipo de Goberno viveirense informou do balance da última campaña de acción de trampeo de avespas velutinas, que foi realizada de marzo a xullo por unha empresa especializada.

A Xunta ten habilitado un número de teléfono, o 012, para as incidencias coas velutinas, “pero os veciños nos transmitiron xa hai tempo que non eran atendidos ou tardaban varias semanas en acudir, polo que decidimos asumir desde o concello unha

competencia impropia”.

De marzo a xullo, instaláronse un total de 3.000 trampas en 426 puntos do concello. O trampeo profesional consiste na acción de instalar trampas xeolocalizadas, cuns atraentes especiais para capturar nos meses primaverais raíñas fundadoras de niños, que tras o seu letargo invernal comezan de novo o seu ciclo.

Grazas a esta acción de trampeo, capturáronse 6.389 avespas raíñas e zanganeras. Estes dous tipos de

avespas teñen a capacidade de iniciar niños, pois hibernan xuntas.

“Para a colocación das trampas tivéronse en conta varias factores, como a proximidade a vivendas, a detección de focos predilectos de instalación ou a protección de asentamentos apícolas”, explica a alcaldesa de Viveiro, María Loureiro.

Ademais, retiráronse 168 niños de velutina, atendendo a máis de 300 veciños e veciñas de Viveiro que solicitaron axuda.

XVI Feira de antigüidades e artesanía
VII XUNTANZA DE VESPAS, MOTOS E COCHES CLÁSICOS
a pontenova
8.9.10
VENRES · SÁBADO · DOMINGO
DECEMBRO '23

Concello de A Pontenova

A localidade acollerá tres cursos dirixidos a persoas desempregadas

O Concello acollerá nos vindeiros meses do ano tres cursos dirixidos a persoas desempregadas. As formacións capacitarán ás persoas participantes para incorporarse ao ámbito laboral en sectores como a atención sociosanitaria, os servizos administrativos ou as actividades de tempo libre. O alumno terá acceso a un conxunto de bolsas e axudas para completar a formación.

“Estes cursos son unha oportunidade para mellorar a inserción laboral da cidadanía. Os participantes non só acreditarán novas competencias, senón que tamén poderán realizar un período de prácticas en empresas”, sinala a alcaldesa de Burela,

Carmela López.

Deste modo, o Concello acollerá as formacións en atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións socias, operacións auxiliares de servizos administrativos e xerais, e dinamización de actividades de tempo libre, educativo, infantil e xuvenil.

Os cursos, que se impartirán no Centro de Formación Ocupacional do Concello, enmárcanse no plan formativo para o emprego da comunidade autónoma de Galicia.

As persoas interesadas poden informarse no Centro de Formación Ocupacional situado no número 137 da avenida Arcadio Pardiñas, no teléfono 982 580 624 ou no email cfo@burela.org.

O musical ‘La Bella y la Bestia’ chega o 10 de decembro

O musical ‘La Bella y la Bestia’ poderá verse o día 10 de decembro na casa da cultura de Burela a partir das 17.00 horas dirixido ao público de todas as idades.

Érase unha vez un príncipe que vivía nun resplandecente castelo. A pesar de ter todo o que podía desexar, era egoísta e consentido. Unha noite, unha bruxa lanzou un

maleficio sobre el e todos o que alí vivían. Como castigo, o príncipe foi condenado a ser unha besta, e só podería librarse dese maleficio se conseguía namorarse dunha moza antes de que caese o último pétalo dunha rosa encantada. Dez anos despois, unha nova chamada Bela chega ao castelo para rescatar ao seu pai, que é prisioneiro da besta...

Os populares piden que se faga un recoñecemento público á Cofradía de Burela

O PP de Burela pide ao Goberno local un recoñecemento público para a Cofradía de Burela, aproveitando a proximidade do seu primeiro centenario e dado que nunca antes se fixo ningún tipo de homenaxe por esta entidade que tanto fixo por Burela e polo mundo do mar. Os populares cren que o recoñecemento debe partir dunha declaración e acordo unánimes da Corporación Municipal, e en base ao Regulamento de Honores, declaración e acordo que deben ter a especificidade que o caso require.

No PP de Burela consideran necesaria a convocatoria dun pleno extraordinario cun único punto na orde do día, antes do 18 de novem-

bro, o recoñecemento público da colaboración da Cofradía co pobo de Burela con motivo dos seus cen anos de vida “consideramos necesario un pleno extraordinario por todo o que a Confraría fixo por Burela e os burelaos”, sinalou.

A Cofradía de Pescadores cumprirá o 18 de novembro cen anos de creación, xa que se constituíu o 18 de novembro de 1923 como Pósito de Pescadores de Burela, ao abeiro da Real Orde de 5 de xaneiro de 1918 que regulaba a creación dos pósitos de pescadores. A orde de 21 de marzo de 1943 do Ministerio de Traballo trouxo consigo o cambio de nome e mesmo unha certa transformación dos pósitos, que pasaron a ser confrarías.

A alcaldesa considera “decepcionantes” os orzamentos da Xunta de Galicia

A alcaldesa, Carmela López, considera “moi decepcionantes para o noso concello” os orzamentos 2024 da Xunta de Galicia. López lamenta especialmente “a ausencia dun compromiso real para a nova EDAR de Burela, unha infraestrutura pendente desde hai anos e moi importante para o noso concello”.

“As contas inclúen unha partida para a EDAR no ano 2024 que non cubre nin a metade do orzamento das obras e non hai un compromiso de investimento nos seguintes exercicios, como vemos noutros proxectos”, engade.

“Ademais, as obras aparecen desde hai oito anos nas contas autonómicas pero non as executan”, lembra Carmela López, “e hai fondos europeos asignados ao proxecto que se poden perder”, advirte. Ante esta situación, “solicitaré unha reunión co presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, para desbloquear o proxecto e obter un compromiso de completar o orzamento das obras, por-



que os veciños e veciñas de Burela non merecen isto”. “Xa levamos demasiadas promesas e demasiado tempo esperando, pero os compromisos do goberno galego quedan sempre en papel mollado e as obras da EDAR non comezan”, remata López.

PP. O PP de Burela pide á alcaldesa que deixe de queixarse dos inves-

timentos da Xunta no municipio e se poña a traballar nos orzamentos do Concello para 2024.

“Os orzamentos da Xunta de Galicia para 2024 certifican o compromiso do goberno autonómico con Burela xa que está previsto investir no municipio máis de 4,7 millóns de euros de forma directa”, así o certifican os concelleiros do PP.

A vila participou no IV Foro da Cooperación Municipalista da Lusofonía



O IV Foro da Cooperación Municipalista da Lusofonía deu comezo en Santo António, São Tomé e Príncipe, coa participación de representantes de cinco concellos galegos entre os que se atopou Mario Pillado, primeiro tenente de alcaldesa de Burela.

O traballo iniciouse na Illa de São Tomé, con xuntanzas para fomentar a aprendizaxe mutua entre os gobernos locais, incrementar a eficacia nos proxectos de coope-

ración internacional e colaborar na territorialización da Axenda 2030 son algúns dos obxectivos desta alianza e das propias xornadas. Algúns dos grandes temas tratados foron o cambio climático, áreas protexidas, xestión do lixo, educación ambiental ou turismo sustentable. Os participantes visitaron a sede da Reserva da Biosfera, un centro de valorización de residuos, a fábrica de chocolate e distintas cooperativas.

O enfermeiro e escritor José Díaz publica o seu primeiro libro de poemas

O enfermeiro e escritor José Díaz vén de editar o seu primeiro libro de poemas, *Y ahora que has llegado, ¿cómo te digo adiós?*, unha recompilación de poemas escritos nos últimos anos malia que tamén inclúe algún creado de neno pero modificados co tempo.

Esta obra ten como fío condutor o propio título do libro que conta con dobre sentido e segundo o autor “eu quería que de algunha maneira os poemas fixeran que pensar e que foran poemas que se entenderan con claridade”.

Este libro conta coa participación de artistas da comarca da Mariña como Otero Regal ou David Catá, que realizaron as ilustracións e tamén Martín Cal é o creador da portada.

Díaz xa presentou oficialmente o libro en Madrid e tamén na súa terra de acollida, no restaurante O Sargo de Burela e no complexo cultural Regal Xunqueira de Viveiro.

José Díaz, nado en Coaña, Asturias, xa publicou dous libros de contos e relatos curtos, *Sesentaynueve* en 2014 e *Área 51* en 2020, e unha novela, *Ave María*, en 2015.



Unha asociación en prol de Burela

Rocío Rivera é membro da directiva da Sociedade Recreativa Leducia

Que é Leducia SCR?

A Sociedade Cultural Recreativa Leducia é unha asociación cultural que nace en Burela nos anos 70 coa intención de animar a vida sociocultural do pobo. Foi constituída legalmente o 24 de novembro de 1974 e comezou a traballar coa base dun grupo de teatro e unha agrupación coral. En moi pouco tempo comezaría tamén o traballo da escola de baile e música tradicional, pola que levan pasado varias xeracións de persoas de Burela.

Conta con moitos socios?

Na actualidade forman parte da asociación cerca dun cento de familias.

Teñen actividades durante todo o ano?

Si, mantemos a actividade todo o ano coa escola de baile e música tradicional, así como diferentes accións enfocadas a socializar o tempo libre. Tamén como actividades principais organizamos a Cabalgata de Reis, a Feira do Bonito e actividades relacionadas coa cultura e tempo libre, como pode ser a celebración de festivais, cursos e exposicións.

Tamén son colaboradores nou-

tras moitas actividades de Burela, non?

Por suposto. Colaboramos na celebración do Entroido, nas actividades de Semana Santa, nas Festas Patronais, na Festa Castrexa, na Festa da Castaña, nas actividades de Nadal e con calquera outra organizada polo Concello e/ou outras asociacións do pobo que solicitan axuda.

Quen forma a directiva e dende cando se atopa na presidencia?

Na xunta directiva actual están 8 persoas. Sofía González, Sonia López, Santiago Rivera, Josefa López, Samuel González, Idara López e Rocío Rivera. Esta última na presidencia dende hai algo máis de 20 anos.

As Grileiras son un grupo que se creou da man de Leducia, non?

Si, son un grupo de sete rapazas que se coñeceron ao formar parte da asociación e nalgúns casos xa súas nais pertencen ao colectivo, e pouco a pouco a súa afección pola pandeireta foinas unindo ata crear o grupo.

Contan con apoio municipal para as actividades?

Si, cóntase cunha subvención anual para actividades culturais, e

axudas específicas para a Feira do Bonito.

Que é o mais importante que conseguiu a asociación?

A compra dun local social propio, o feito de manter unha actividade continuada durante tantos anos, con albabaixos ao longo do tempo, e consolidar a celebración da Feira do Bonito, da que se celebrou este pasado agosto a edición número 36.

Que novos proxectos teñen de cara ó futuro?

Despois do parón provocado pola pandemia, o máis importante neste momento é que a escola de baile e música tradicional volveu á súa actividade total, tanto nos ensaios como nas actuacións e viaxes para intercambiar coñecementos culturais con outras agrupacións; e que isto nos permita consolidar unha actividade adicada exclusivamente á cultura tradicional.

Para esta tempada de outono-inverno, que actividades teñen preparadas?

Está en marcha a escola de baile e música tradicional, con ensaios de música os mércores e venres, e de baile os xoves para adultos e os venres para a sección infantil. Ta-



mén está activo o curso de bordado, os xoves a partir das 16.30 no local social; e outro multidisciplinar de encaixe de bolillos, calceta e ganchillo os mércores a partir das 20.30 horas.

Algunha outra actividade?

Si, estamos preparando unha foliada para o 11 de novembro. Tamén en setembro participamos en Ortigueira nunha foliada a car-

go de Carecos, e en outubro nas San Lucas de Mondoñedo.

Como poden poñerse en contacto os que queiran participar?

Para máis información será necesario contactar a través do mail lediciascr@gmail.com ou por teléfono chamando ao 696 223 304 para música e baile; e no 616 995 097 para cursos.

8ª FESTA DA CASTAÑA E A FOLIADA

A Sociedade Cultural Recreativa Leducia e Os Asadores de Burela organizan para o vindeiro 11 de novembro a 8ª Festa da Castaña e a Foliada. Haberá talleres, cantos de taberna, xantares especiais nos bares, castañas asadas, bolos preñados, sorteos, e moita

música. Na quenda dos concertos actuarán As Grileiras, que son parte de Leducia dende ben pequenas, seguidas duns grandes como son Pan.Sen.Fron, logo estarán Os Carecos e pecharán Medio Quinhón. Ao remate, foliada libre.

O Goberno local está inmerso en diferentes obras de mellora na vila

ASILO. Esta segunda semana de novembro comezaran as obras de reforma do inmoble do Hospital Asilo ás que precederon os traballos de baleirado do mobiliario. O alcalde, Dani Vega, considera estas obras como “moi necesarias e fundamental para Ribadeo”, e lembrou que “nos sempre dixemos con moita claridade que é unha obra importante, con moitas dificultades, cun investimento que superará o 1,6 millóns de euros e por iso precisamos retirar todo o equipamento, é dicir facer un baleirado profundo do Hospital Asilo”.

CENTRO DE DÍA. O edificio que alberga o centro de día público de Ribadeo será obxecto de actuacións de acondicionamento para así mellorar as condicións do inmoble e o benestar dos seus usuarios. A primeira destas actuacións consistirá na mellora da carpintería exterior do centro. Estes traballos realizaranse de maneira inmediata e suporán a substitución das portas de madeira de máis de sete metros de altura situadas na planta baixa do inmoble. Tamén se acometerán con carácter de urxencia pequenas reformas eléctricas na zona de lavandería.

MANUELA BARREIRO. A rúa ribadense, situada na entrada da vila, será obxecto de mellora tralo futuro derrubamento dun

muro que se atopa preto á Escola Oficial de Idiomas, o que fará que esta vía “sexa máis ancha e segura”.

FORTE SAN DAMIÁN. Este edificio singular está sendo mellorado a través dunhas obras que contan cun investimento de 150.000 euros. “Unha vez que rematen eses traballos o obxectivo é encher de contido o seu interior”, afirmou o rexedor, “estamos eliminando as barreiras arquitectónicas para facilitar o acceso ao interior do edificio, tamén eliminaremos toda a maleza do perímetro, porque realmente era vergoñento como estaba e esa imaxe que se trasladaba de abandono imos deixar de dala, imos reelaborar a estrutura da cuberta do baluarte existente e vamos retellar o edificio”. Por outra parte, destacou que “reparamos tamén os parámetros verticais exteriores da nave principal e vamos volver pintar. Actuaremos para eliminar todas as filtracións de auga nos distintos puntos que están a introducir humidades nas paredes e despois poñeremos unhas pranchas de pladur no interior das salas de exposicións. Tamén se delimitará todo o foso, todo o perímetro, con madeira, iluminarase o exterior do edificio, algo que vai enxalzar o propio Forte e vamos dotar de electricidade o inmoble, xa que na actualidade o suministro realízase a través doutro

edificio público e iso non é correcto”.

CASA CAMINEROS. O Concello investiu 160.000 euros, procedentes do Goberno autonómico, na rehabilitación da caseta dos camineros, que acollerá á sociedade deportiva do coto de caza de Remourelle. Dani Vega explicou que “se trata dun edificio cun valor patrimonial moi importante. Nós, cando aínda estabamos na oposición, empezamos a xestionar o orzamento en colaboración coa sociedade deportiva do coto de caza de Remourelle, que levaba moitos anos reclamando que lles entregaran ese edificio en cesión para poder utilizalo. Pasaron distintos gobernos por Ribadeo, pero a idea non tivo éxito. E neste momento nós xa estamos a rehabilitar o edificio, pero insisto en que o traballo empezou cando estabamos na oposición”.

NOCEDA. A estrada de Noceda xa está sendo mellorada a través dunhas obras que puxo en marcha o Concello cun investimento de 120.000 euros. O alcalde considera que se trata dunha infraestrutura “fundamental e estratéxica para Ribadeo” e subliñou que “hai que destacar que é unha estrada que vertebra todo o rural, polo que debemos mellorar a comunicación e os puntos críticos que ten este vieiro baixando a Noceda, hai certas curvas que teñen risco”.



RÚA PIPELO. Deron comezo as obras de mellora da rúa, que supoñen un investimento de 183.000 euros. Nesta zona renovárase todo o pavimento, aplicarase un novo formigón e arranxarase o muro e as dúas entradas do aparcadoiro, así como tamén se mellorará a beirarrúa e se incorporará unha nova iluminación.

LUZ POZO. Así mesmo, foron inauguradas as obras realizadas nesta rúa cun investimento que ascendeu a 200.000 euros. O

rexedor declarou que “as obras contaron coa colaboración da Deputación, e foron xestionadas por parte do anterior Goberno municipal e nos consideramos que había que seguir avanzando nelas. A Deputación é unha administración que investiu sistematicamente en Ribadeo, apostaba e aposta por nos e espero que siga investindo, porque temos moitos proxectos. Xa lle presentamos un ao vicepresidente e malia que aínda non nos contestou, sei perfectamente que o está a estudar”.

Aberta a inscrición para participar no Mercado do Nadal

Ata o 15 de novembro está aberta a inscrición para participar no Mercado do Nadal de Ribadeo, que se celebrará do 1 ao 10 de decembro na contorna da praza de abastos. O prazo de inscrición está ata o 15 de novembro e pode facerse de dúas maneiras ou por sede electrónica ou de xeito presencial a través do rexistro do Concello. As bases xa se poden consultar na páxina web do propio Concello, aí está toda a información”.

O Mercado serve “para potenciar a economía da vila, a tradición, a artesanía, o traballo e o talento de cada profesional participante”, di Vega. Así mesmo, Vega comunicou que a programación de Nadal comezará o 9 de novembro co concerto de Ana Guerra.

En marcha, unha biblioteca rural en Cinxe con 1000 libros



Ribadeo ven de poñer en marcha un novo servizo para a súa veciñanza, unha biblioteca rural de Cinxe. Esta nova biblioteca conta cun fondo de 1000 libros reunidos grazas a doazóns veciñais e á adquisición de novos exemplares realizada polo Concello de Ribadeo. Novelas, relatos, libros de poesía, teatro,

autoaxuda, cómic, literatura infantil, xuvenil, adolescente, primeiros lectores, historia, política e libros en inglés, que se reparten nos andeis que ocupan unha das paredes da escola, que está equipada cun ordenador para facilitar a súa xestión.

O BNG critica que unha empresa privada faga os labores de poda

O BNG de Ribadeo vén de criticar que unha empresa privada se faga cargo dos labores de poda das árbores do concello. Así, preguntábase “quen paga esta tarefa e polo tanto que se fai cargo deste despilfarro”.

Ademais, indicaron que os restos da poda quedaron sen recoller polo que se esparciron co vento destes días cubríndoo todo. “Rúas sen lugares de estacionamento público durante unha semana, ese que tanto lles preocupa”, sinalaron os nacionalistas.

Tamén criticaron que o alcalde, Dani Vega, “presuma do que outros lograron e non sexa quen de anunciar ningún investimento por parte da Xunta en Ribadeo. Xa está ben, señor Vega, non presuma de que o

Concello xestiona cousas que lograron os anteriores gobernos”.

Unha vez máis “asistimos ao lamentable espectáculo de ver como o señor Vega saca peito anunciando investimentos xestionados polo anterior goberno. Presumir de que o concello segue a xestionar cousas para Ribadeo é un brinde ao sol. É obvio que teñen que seguir tramitando o que comezaron outros antes. O que non é normal é poñerse medallas como se fose un quen consegue todo, ao mesmo tempo que o pobo segue sen ver ningún anuncio de novos investimentos para Ribadeo. Nos novos orzamentos da Xunta practicamente non se ve para nada o nome do noso concello”, din os nacionalistas ribadenses”, engadiron.

Teatro, proxeccións, música ou monicreques compoñen a axenda

O Concello ribadense organiza diversas propostas e actividades culturais para o último trimestre do ano. Así, teatro afeccionado e profesional, proxeccións, música ou monicreques son algunhas das propostas da axenda cultural.

Durante o mes de novembro, o mesmo espazo acolle teatro afeccionado e profesional, proxeccións, música ou monicreques, como a presentación do libro da escritora argentina de nai ribadense Ana Martínez, Federico Mediante. El Salgari español, “que tamén será difundida en senllas intervencións no Consello da Cultura Galega e na Casa de Galicia en Madrid”, engadiu a concelleira de Cultura, Begoña Sanjurjo.

Pola súa banda, Os Quinquilláns representarán a obra *100 anos do Seminario de Estudos Galegos*, unha proposta recomendada “por canto nos ilustra sobre un período vizoso da cultura galega e do importante papel que nese xermolar do Seminario tivo o noso veciño Francisco Lanza”, detalla Begoña Sanjurjo. No tocante ao teatro afeccionado, na última fin de semana de outubro acollen a XX edición da Mostra de Daniel Cortezón.

O audiovisual tamén forma parte da



programación. Contarán coa proxeccións da multipremiada *Matria*, de Álvaro Gago Díaz o 24 de novembro, e *O home e o can*, de Ángel de la Cruz, un vello coñecido en Ribadeo pois no Concello rodou hai anos *Os mortos van á présa*.

As actividades tamén teñen en conta aos máis pequenos. Entre elas atópase *Os Bolechas en familia*, a adaptación dos Bolechas ao formato de monicreques. Outra é teatro musical xa para o tempo de Nadal, *La gran aventura de los Reyes Magos*, dirixida para toda a familia e tamén a programación de Nadal da EMMed, que este ano repón o *Quebranos*,

da área de Danza da Escola.

En decembro comezarán as XVII Xornadas Mar por Medio e coa IX edición do Festival de Jazz & Blues de Ribadeo e destacou o labor das entidades culturais do Concello.

A AC Francisco Lanza presentará o libro editado pola Universidade de Vigo Literatura Galegoasturiana. *Poesía. Prosa. Teatro* e achegará o tema do nazismo e dos campos de concentración.

A BMMR tamén continuará cos tradicionais concertos de Santa Cilla e de Aquí como en Viena. Sanjurjo agarda que a veciñanza participe da vida cultural do Concello.

O parque de San Francisco conta cunha caseta de intercambio de libros



O equipo de Goberno instalou unha caseta de lectura na zona de xogos infantís do parque de San Francisco. Foi deseñada polo obradoiro de emprego Vilas Coidadoras e será un espazo solidario de intercambio de libros que transmita a maxia pola lectura a toda a cidadanía, especialmente ás nenas e aos nenos.

A concelleira de Cultura explicou que “se busca que esta caseta de intercambio de libros gratis se converta nun espazo solidario cheo de contos que transmitan a maxia pola lectura a toda a cidadanía, especialmente aos pícaros; que fagamos noso este espazo, sen-

tíndoo como unha prolongación da propia casa e que ao seu redor se potencie o sentido de comunidade e de veciñanza”.

Ademais subliñou que “o Concello de Ribadeo reforza así o seu obxectivo de proporcionar acceso aos libros a toda a cidadanía, a través desta pequena biblioteca aberta 24 horas sete días á semana. Cremos que a súa colocación nun lugar de paso como o parque facilitará o intercambio de libros e a creación dun espazo de encontro, onde as persoas poderán compartir lecturas de maneira altruísta. Calquera pode ir alí e deixar un libro para que sexa lido por outra persoa”.

Varias actividades para mulleres desenvolveranse con motivo do 25N

O Goberno local organiza unhas Xornadas de Defensa Persoal para Mulleres e a representación de Miss España, entre outras actividades en novembro con motivo do 25N.

A concelleira de Igualdade adiantou que “no mes de novembro o Concello, en colaboración coa Asociación Española de Gardas Cívicas organizará unhas Xornadas de Defensa Persoal para Mulleres, que combinarán o ensino de técnicas de autodefensa con aspectos psicolóxicos e legais,

brindando ás participantes unha formación integral para afrontar e previr a violencia de xénero”. Ademais, no Consello da Muller acordouse realizar un acto especial o 25 de novembro para visibilizar o que representa. A edil propuxo “a creación dun vídeo colaborativo no que participen centros de ensino, entidades e asociacións de Ribadeo, así como o Centro de Día ou a residencia de maiores, con fotografías ou microvídeos, para a súa posterior emisión e publicación

en redes sociais”.

A edil ribadense dixo que “o 26 de novembro Iría Piñeiro chegará ao auditorio Hernán Naval coa súa obra Miss España, que cuestiona os estereotipos de xénero e os roles impostos ás mulleres na sociedade. Tamén se instalará un banco violeta, que levará incorporado un código QR que enlazará con información sobre como actuar ante un caso de violencia machista, así como con recursos para as propias vítimas”.

Falapandeieta Erikas e Peluxías organiza en varios obradoiros

O grupo Falapandeieta Erikas e Peluxías de Ribadeo organiza de novo en Rinlo uns obradoiros no que compartir experiencias interxeracionais. Haberá varias categorías do obradoiro, así o de Canto para transformación de cantigas populares será de 19.30 a 20.30 horas os días 9 e 23 de novembro e 7 e 21 de decembro. Será impartido por Uxía Pedreira.

O de Achega o teu instrumento musical, o esquecido, a túa voz, os

teus temas favoritos. será de 19.30 a 21.00 horas todos os martes e farase da man de Mano Panforreiteiro. Por último o curso de Baile tradicional para foliadas, da man de Adrián Méndez, será de 19.30 a 21.00 horas todos os primeiros e terceiros luns de cada mes. As persoas interesadas en asistir poden anotarse por whatsapp nos teléfonos 627 934 368 para o de cantigas, 665 091 056 para o de voz, e 617 716 129 para o de baile.

¡Que nada detenga tu movilidad!
Descubre los beneficios de repostar combustible con **Ortegal Oil**

Usando tu Carné de Ministro, haz feliz a tu coche y a tu bolsillo.
Accede a ortegaloil.es y forma parte de nuestro Ministerio del Carburante.

O Concello quiere achegar os bolos á veciñanza máis nova



O Concello mantense en contacto co departamento de deportes do Colexio Pedro Caselles para que todos os alumnos dos cursos superiores participen nunhas xornadas de promoción dos bolos co fin de incorporar e inculcarlles aos nenos e rapaces este deporte.

Nestas actividades váiselles explicar de forma teórica e práctica o depor-

te, co obxectivo de que polo menos algúns deles se incorporen á Liga. Se non hai cambios, as xornadas de promoción serán os días 13, 14 e 17 de novembro e nelas van a participar todos os alumnos e alumnas de 1º a 6º de Primaria.

Así mesmo, xa deu comezo XXXV Tirada de Bolos do Concello de Xove no Centro Social de Lago.

O Goberno local actualiza o equipamento do ximnasio



O Concello de Xove segue a mellorar as súas instalacións municipais, e nesta ocasión estivo a actualizar o equipamento do ximnasio municipal.

Así, incorporaron equipamentos novos dos que máis se usan como son as cintas de correr ou as bicicletas de *spinning*,

segundo o Concello, “os equipamentos son da recoñecida marca Salter, son da mellor calidade”.

Este acondicionamento serve para prestar un mellor servizo a tódolos usuarios e que todos os servizos estean a punto para a veciñanza.



CENTENARIA. Gloria Magide López, usuaria da residencia de maiores de San Bartolomeu de Xove vén de facer os 100 anos, converténdose en centenaria, motivo polo cal o alcalde, Demetrio Salgueiro, en representación do Concello, regaloulle un ramo de flores.

Nace Impacto Xuvenil, a asociación que representará á mocidade

Unha nova asociación botou a andar en Xove, trátase de Impacto Xuvenil, un grupo de participación xuvenil que pretende representar á mocidade da vila. A través desta asociación preténdese impulsar a participación dos rapaces e rapazas nas actividades e vida social do Concello. As persoas interesadas en formar parte do grupo, que conta co apoio do departamento de Xuventude do Concello, poden chamar ao 982 571 816 ou poden achegarse ao Centro Xuvenil para solicitar máis información.



O Concello colocará colectores marróns para os residuos orgánicos

O Concello de Xove colocará dous colectores marróns para os residuos de procedencia orgánica trala obriga do Goberno central de que os concellos de máis de 5.000 habitantes deben facer a recollida separada da fracción orgánica de residuos domésticos.

No colector marrón verteranse residuos de procedencia orgánica que serán recollidos e transportados á planta de biorresiduos de Cervo para ser transformados en compost ou biogás.

Estes contedores estarán situados na zona urbana de Xove e na urbanización de Palmeiro. Para utilizalos tan só se precisa unha chave que se entregará gratuitamente, unha por vivenda, con previa solicitude no



Concello. “Están pedidos e contamos empezar a poñelos a finais do mes de decembro”, di a concelleira de Medio Ambiente, Cecilia Duarte, “dende outubro estamos coas campañas de concienciación a veciñanza

e xa enviamos cartas a todos os veciños para enquisar aos interesados”. Para anotarse haberá que chamar ao teléfono 982 592 001, por email en medio.ambiente@xove.es ou nas oficinas municipais.

O PSOE interésase polas condicións do novo polígono industrial

O grupo municipal socialista de Xove, por medio da súa concelleira Rogelia Mariña preguntou no Pleno sobre o soterramento dos contedores de lixo nos cascos urbanos de Xove e Palmeiro. “Para mellorar o impacto ambiental, os malos cheiros e tamén para mellorar a seguridade nas rúas, xa que en algunhas delas se producen accidentes de vehículos o estar os contedores instalados nas vías”, di Mariña, “tamén aumentar os contedores na zona rural, onde hai moi poucos contedores de cartón, plásticos e vidro”.

Pero “o Goberno do PP votou en contra argumentando un aumento de custo o polo que se ve claramente a nula preocupación que este Goberno ten co medio ambiente”.

Así mesmo, preguntou sobre a instalación de luces de Nadal “xa que logo se achegan as datas de celebración, e cada ano vemos que só se pensa no casco urbano de Xove e Palmeiro”, sinala a voceira, “polo que pedimos que se instalen luces tamén na zona rural”. Xa por último preguntou polo contido específico do polígono industrial como son os prazos de

execución, o numero de parcelas, os servizos novos e as condicións en que se van a ofertar ao tecido empresarial, e a mellora de abastecemento de auga para as empresas, así como “se o proxecto se contempla unha depuradora para que os vertidos que van ao río Guilán cumpran ca normativa medio ambiental”, sinala Mariña. Dende o PSOE tamén engadiron que “estes días que comezou a chover, xa os veciños de Xove, volven a ter auga con lodo nas súas billas, e o Goberno segue estudando isto dende xa 16 anos”.

A Biblioteca de Oourol pon a disposición dos estudantes os libros de lectura obrigatoria



Un ano máis, co obxectivo de garantir a igualdade de oportunidades na educación ás familias e facilitar o acceso ós recursos educativos, a Biblioteca Municipal de Oourol pon a disposición dos seus socios e socias os libros de lectura obrigatoria dos colexios e institutos da contorna.

Para usar este servizo é necesario ser socio e no caso de non

selo pódese facer nun momento na biblioteca de forma totalmente gratuita.

O préstamo de libro é de 21 días, e o tempo de reserva de libro é de 3 días.

Pódense reservar os libros por Whatsapp no 608 694 051 ou desde a conta de usuario da biblioteca. Para solicitar información chamando ao teléfono 982 55 90 19.

Ambosores organiza as súas festas en decembro

Ambosores prepara as súas festas na honra a Santa Lucía. A celebración, organizada pola comisión de festas coa colaboración do Concello de Muras e do Concello de Oourol, terá lugar os días 9 e 10 de decembro.

A festa comeza o sábado 9 ás 13.00 horas coa misa solem-

ne, procesión e sesión vermú co dúo Caramelo. A partir das 15.00 horas será o xantar popular con callos, xamón cocido, postre, café e *chupito*. As reservas, que teñen un prezo de 25 euros, pódense realizar ata o 6 de decembro a través dos números 634 931 360, 669 566

674 e 669 302 211.

Pola tarde noite haberá un baile da man do dúo Caramelo e do dúo Venus.

A celebración continúa o domingo 10 ás 13.00 horas con misa solemne e procesión. A sesión vermú estará a cargo do dúo Caramelo.

Grupo de Teatro do Hospital de Lugo (HULA)
A Mariña/Abrente/Curuxan/A Adala Futura
Grupo de Teatro Down/Os Pinchacarneiros
Pico do Castro/Grupo Humorístico Trípede
Os Pícaros de Lagoa/O Bordelo/O Torques
Melátese Teatro/A Adala/Hipócrata Teatro
Grupo de Teatro Viravento/Lume Escénico
O Centiño/Borguete Teatro/Aleñía Teatro
Nova Escena/Colectivo Cultural Ollomao
Argalleiras/Teatreiras/Rebuldeira Teatro
57 Palabras/Os Palimoquiños/Os Trocos
Falcatruellos/Os Baluros/Aleñía Teatro
Ardora/Grupo de Teatro da Biblioteca
Municipal de Antas de Ulla

2008-2023

15 ANOS
APOIANDO
O TEATRO
AFECIONADO



Máis información en
www.cultura.deputacionlugo.gal

Circuíto de teatro afecionado 2023



ILUSTRACIÓN DE OSCAR VILLAR

vegadeo

O Concello pon en marcha actividades para os nenos durante os venres

O Concello de Vegadeo pon en marcha actividades lúdicas para nenos e nenas de 3 a 12 anos, dirixidas ao disfrute dos cativos durante os venres. Desenvolveranse a partir do 10 de novembro en horario de 17.00 a 20.00 horas no local das asociacións. Non é necesaria a inscrición aínda que o aforo está limitado. Para máis información haberá que chamar ao 985 634 022.

CINEMATECA. A Cinemateca Ambulante ofrece para estes últimos meses varias películas no Auditorio Félix Menéndez, a partir das 20.00 horas. A seguinte cita en Vegadeo terá lugar o mércores día 22 de novembro, coa proxección da película *Enferma de mi*, o mércores día 13 de decembro, será a quenda da película *En lo alto*. Por outra banda, o teatro tamén se achegará á vila o domingo día 12 de novembro, da man da compañía Escenapache e a súa obra *Planeta Joselín*.

Baixo a dirección de Marga Llano, contarase a historia de Joselín, un mozo que se namora dunha moza de nome Leyre e que, para conquistala,

contará coa inestimable axuda dos seus amigos, Amador e Tinín, e de sabios consellos do seu pai Claudio. Esta nova cita coa cultura en Vegadeo terá lugar no Auditorio Félix Menéndez, a partir das 18.00 horas, e a súa asistencia será gratuita.

AVICULTURA. O recinto Feiral de Vegadeo acolle os vindeiros 18 e 19 de novembro a XVIII Exposición Internacional de Avicultura La Pinina. Esta cita será en horario de 9.00 a 19.00 horas o sábado, e de 10.00 a 15.00 horas o domingo.

Xa hai anotados 70 animais e ademais celebrarase o VII Campionato de España da Raza Araucana, o I Monográfico da Pomba Colipava India, o III Encontro Internacional de pombas grupo Acobatadas, o III Monográfico da Galiña Piñeira, o IV Monográfico de España de Brahma, o II Monográfico da raza Pita Pinta, o II Monográfico da Galiña Piñeira, o II Encontro Intercional da raza Buchón Pomeránica, o II Encontro Intercional da pomba Ojo de Fresa, o IV Monográfico do Buchón Gorguero, e o IV Monográfico da pomba Chorrera.

O PP di que o “o Concello pecha 2022 cun déficit de máis de medio millón de euros”

Os concelleiros do Partido Popular de Lourenzá denuncian que o informe do servizo de secretaria-intervención sobre a Conta Xeral do exercicio 2022 confirma a complicada situación económico-financiera do municipio. “A alcaldesa non foi capaz de cadrar as contas e o Concello pechou o pasado exercicio cunha desviación orzamentaria de máis de medio millón de euros, en concreto, 519.172,27 euros de déficit”, din.

A preocupación dos populares pola xestión económica-financiera do goberno socialista atópase motivada polo “incumprimento da estabilidade orzamentaria; pero tamén porque ese descontrol de gasto non se está a traducir nunha mellora dos servizos municipais, en novos investimentos ou obras a favor das veciñas e veciños”.

Os concelleiros do PP piden ao Goberno local socialista que se dedique menos a atacar á oposición, a través dos medios de comunicación e das redes sociais, e sexa máis áxil á hora de xestionar subvencións doutras administracións que aforran cartos das arcas municipais e permiten planificar con tempo e previsión todo aquilo que beneficia aos laurentinos. Como exemplo desta situación lembran o acontecido co campamento de verán –sobre o que recoñeceron que carecía de respaldo orzamentario, pese a ser un servizo moi positivo para o coitado e conciliación dos máis novos- ou coa negativa do Concello a solicitar un obradoiro de emprego, a pesar de que había veciños interesados en participar nel.

ALCALDESA. A rexedora local, Rocío López, aclara que os 500.000 euros dos que falan os conce-



lleiros do Partido Popular destinaríanse a arranxar estradas en todas as parroquias e á construción do multiusos Ponte de Cuñas. A rexedora municipal manifesta que “menos mal que os investimentos e as obras están aí, á vista de todo mundo e afortunadamente non serve de nada querer tapar os ollos á xente porque o multiusos e a mellora das estradas do Concello son unha realidade da que poden desfrutar xa os veciños”.

A rexedora afirma que os populares critican que non pediran axuda da Xunta para os campamentos de verán, pero “non celebran que o Concello investise case 20.000 euros no financiamento dos monitores con cargo a fondos propios, como se fixo sempre”. Tamén aclara que o dos contedores de Montero Villegas é “outra mentira máis do PP. Si é certo que nos deron moitos problemas, como todos os que temos soterrados, pero eses en concreto levan funcionando dende antes da Festa da Faba”. E recorda que as rúas “non están tan sucias como din eles, xa que hai unha persoa que dedica case toda a súa xornada diaria a varrer e limpalas”.

A comisión de festas de Canedo organiza unha cea baile o día 11

A comisión de festas de Canedo, parroquia de Lourenzá, organiza para o vindeiro sábado 11 de novembro, unha cea baile que será no campo da festa local.

A cita será a partir das 21.30 horas e contará con menú de adultos por 26 euros e infantil por 15. O menú consta de fabada, costela asada de porco, sobremesa, café e *chupito*. Para asistir será necesario coller as

entradas antes do 9 de novembro no Xirraldo, Gayoso, Pipote, Galaxia, Aturuxo, Morrigan ou Torreón. Ou a calquera dos tres membros da comisión.

Máis tarde haberá unha verbena amenizada polo trío Zafiro e DJ Billy, e ademais contarán con sorteos e sorpresas. O evento celebrarase baixo carpa, con calefactores si o tempo non axuda.

Comezou a quinta edición do Certame de Teatro Aficionado

Deu comezo o día 4 de novembro no multiusos Ponte de Cuñas a quinta edición do Certame de Teatro Aficionado Concello de Lourenzá.

O concelleiro de Cultura, Manuel Arango Ron, sinalou que “abriu o concurso o grupo Hipócrita Teatro, de Lugo, coa obra Arte, e rematará o 16 de decembro coa gala de entrega de premios, que incluírá a representación da obra Anacos, de Ítaca Teatro”.

As seguintes representacións do certame serán os días 10, 11, 17, 19, 25 e 26 de novembro e correrán a cargo das compañías Ollomao, de Barreiros; O Torques, de Burela; Alxén, de Salvaterra; Anómico, de Vigo; Carauta, de Santiago; Fauna 113, de Vigo; e Coles, desa localidade da provincia de Ourense.



SAN ADRIANO. A Asociación de veciños de San Adriano de Lourenzá prepara para o vindeiro sábado 25 e domingo 26 de novembro unha viaxe a Vilanova de Cerveira, Pontevedra, Combarro e unha visita a Vigo e as súas luces de Nadal. Estas visitas que inclúen cea con

baile e queimada, viaxe ida e volta, comida, cea-baile, almuerzo, hotel en pensión completa, guía os dous días, e seguro de viaxe, ten un prezo de 129 euros por persoa.

Para participar haberá que chamar ao 677 855 321 ou 606 504 000 antes do 15 de novembro.

O CEIP Juan Rey recibe un premio da Real Academia Galega



O CEIP Juan Rey de Lourenzá, a localidade natal de Francisco Fernández del Riego, protagonista do pasado 17 de maio, recolleu o premio Contádenos o voso Día das Letras 2023. O galardón estaba convocado pola Real Academia Galega ao abeiro de Primavera das Letras, o proxecto web da institución dirixido ao público infantil co apoio da Deputación da Coruña.

O colexio celebrou as Letras Galegas do seu veciño ilustre dende o comezo do curso pasado cunha morea de iniciativas resumidas no número especial da súa revista, O Tremoal, que serviu de guía aos pícaros e pícaras que recolleron o galardón para a súa escola.

O equipo da biblioteca desenvolveu no primeiro trimestre o

proxecto *Desde a fiestra de don Paco*, con máis de oitenta actividades de todo tipo. Co Dicionario trangalleiro inventaron palabras seguindo as normas da lingua, elaboraron unha audioguía sobre a vida do homenaxeado, afondaron no mundo dos xogos tradicionais da súa infancia a través das achegas dos estudosos locais Xosé López e Xosé Manuel García e practicaron o xénero epistolar que don Paco cultivou escribindolles cartas aos Reis Magos.

ALUMNADO. O acto de entrega dos galardóns foi unha nova celebración da figura de Francisco Fernández del Riego e tamén un recoñecemento da RAG ao traballo que realizan os mestres e mestras

para divulgaren as letras galegas dende as escolas e promoveren o uso da lingua galega entre os cativos e cativas. O protagonismo do acto recaeu nos nenos e nenas dos tres centros educativos, entre os que tamén estaban os colexios da Espiñeira-Aldán (Cangas) e o Juan Fernández Latorre (A Coruña).

“Vós sodes fundamentais para o futuro da nosa lingua. O profesorado dos centros de educación infantil e primaria tedes a capacidade, xunto coas familias, de chantar os esteos do idioma e do primeiro achegamento á cultura de noso”, agradeceu o presidente da RAG, Víctor F. Freixanes, no acto desenvolvido na Fundación Luis Seoane.

A vila acolle durante este mes diferentes actividades para todos os gustos

A casa da cultura do Vicedo acolle durante o mes de novembro diferentes actividades para todos os públicos.

Así, o sábado 11 de novembro ás 19.30 horas o Teatro do Míolo presentará a súa obra *Sáindo do Cerco*, unha comedia de carácter existencialista destinada principalmente a un público maior dun ámbito residencial e que ofrece unha linguaxe familiar e clara.

O 25 novembro ás 20.00 horas será a quenda de *Asasinato na tenda de roupa* da man do Teatro Grupo do Hospital Lucus Augusti. Esta obra trata sobre Dona Katusca e a súa tenda de roupa, que dirixe cunha actitude claramente tiránica. Un día calquera, a tenda éncese de clientas e todo transcorre con normalidade ata que se descubren varios cadáveres.

Xa o sábado 18 de novembro farase o Encontro interxeracional de avós e netos, un encontro, que ten lugar no pavillón poli-

deportivo, e poderán participar aquelas persoas empadroadas no municipio que sexan xubiladas acompañadas polos seus cónxuxes, aínda que este último non estea xubilado e tamén polos netos, con idades comprendidas entre os 3 e os 18 anos.

COCHES CLÁSICOS. O vindeiro 11 de novembro O Vicedo acollerá a terceira edición da Concentración de Coches Clásicos. A cita, organizada polo Club Clásicos O Vicedo coa colaboración do Concello comezará ás 10.00 horas.

A recepción dos coches na rúa Cidade de Mondoñedo inaugura o programa a primeira hora da mañá. A partir das 12.00 horas levarase a cabo unha ruta turística, á que seguirá o xantar a partir das 14.00 horas.

Os interesados poden reservar a través dos teléfonos 626 836 946, 679 763 191 ou 680 479 337. A iniciativa ten un prezo de 30 euros por persoa.

Amplíase o servizo de Madrugadores para os alumnos do CEIP do Vicedo



O CEIP do Concello do Vicedo comeza o curso ampliando a súa oferta de servizos. O alumnado poderá gozar do servizo de Madrugadores a partir das 8.30 da mañá, con opción tamén a almorzo.

Mentres que o ano pasado o horario do programa era de 9.00 a 10.00 horas, agora os nenos e nenas poden achegarse desde as 8.30 e almorzar no propio centro. Este cambio no colexio, que conta con 51 matriculados e matricula-

das en educación infantil e primaria, engádesse a outras modificacións que acaban de impulsar.

Nese sentido, apostaron polo cambio do timbre tradicional por cancións que se escollen en función da xornada ou porque cando un dos nenos e nenas está de aniversario optan por poñer unha canción, aínda que o alumnado non sabe quen é o que está de celebración ata que entran na aula.

O Concello recibe unha achega para mercar un vehículo para servizos sociais

A Consellería de Política Social e Xuventude concedeu axudas por importe total de 302.000 euros a oito concellos lucenses para adquirir vehículos de emisión 0, eco ou de etiqueta C verde para o seu uso por parte dos servizos sociais municipais. Están dirixidas a municipios de menos de 10.000 habitantes. O Diario Oficial de Galicia vén de publicar a resolución da convocatoria, que na provincia de Lugo beneficia ao Saviñao, Quiroga, Abadín, Palas de Rei, Monterroso, O Vicedo, Becerreá e Nogueira de Muíñiz.

A contía máxima da achega económica é de 40.000 euros por vehículo. Os concellos poderán solicitar un anticipo do 80% da axuda concedida, co fin de facilitar que conten con liquidez suficiente para facer fronte á compra do transporte.

A posta en marcha desta liña de achegas, dotada cun millón de euros, enmárcase no Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea a través do programa NextGenerationEU.

EXPOSICIÓN
**A
NOSA
ARTE**
Colección do Parlamento de Galicia

**LUGO
DO 9 DE NOVEMBRO DE 2023
AO 27 DE XANEIRO DE 2024
SEDE AFUNDACIÓN**
Praza Maior, 16

Horario:
Luns a sábado de 17.30 h a 20.30 h.
Domingos e festivos pechado



riotorto

Vanse instalar novos contedores na vila

O Concello de Riotorto anunciou que colocará proximamente 27 contedores marróns para potenciar a recollida selectiva dos biorresiduos, no marco dun proxecto que leva a cabo en colaboración coa Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-Next-GenerationEU.

De forma previa á colocación dos contedores, realizouse unha campaña informativa

mediante un posto itinerante por diferentes localizacións do termo municipal, atendido por monitores ambientais especialistas na materia, que informaron á veciñanza sobre o uso axeitado do denominado quinto contedor.

O contedor de materia orgánica estase a implantar en varios concellos da provincia. Os residuos que deben depositarse neste novo recipiente de fracción orgánica son restos de froita e verdura, restos de carne e peixe, cascas de ovo, de marisco e de froitos secos.

O BNG denuncia que os usuarios do SAF terán que pagar o dobre no 2024



O BNG asegura que a partir do ano que vén, as persoas usuarias do Servizo Axuda no Fogar (SAF) de Riotorto pagarán o dobre. “O Goberno municipal modificou a ordenanza que regula o servizo, dobrando as tarifas que terán que pagar usuarias e usuarios da modalidade de libre concorrencia”, din os nacionalistas.

Deste xeito, tendo en conta que o custo da hora é de 12 euros e de que as cotas varían en función da renda, quen paga 1,20 euros por hora, pagará 2,40 euros por hora; quen paga 2,40 euros por hora, pasará a pagar 4,80 euros por hora. A suba será menor para as persoas con maior renda e patrimonio, que pagan 4,80 euros por hora e pasarán a pagar 7,20 euros por hora.

O BNG “oponse frontalmente a unha suba de tarifas que, ademais de non respectar a progresividade, supón sobrecargar as persoas usuarias cun custo que debería

asumir a Xunta de Galicia, á que corresponden as competencias en servizos sociais”.

“O BNG de Riotorto defendeu sempre a gratuidade do Servizo de Axuda no Fogar. O goberno do nacionalista Federico Gutiérrez Estoa loitou no ámbito político e institucional contra as políticas do Partido Popular na Xunta de Galicia, que en 2012, retirou aos concellos de menos de 20.000 habitantes os fondos para este servizo e en 2013 impuxo o pago das persoas usuarias a través dun decreto”, din.

O BNG sostén que, entre tanto, o Concello de Riotorto ten recursos para manter as tarifas actuais, “se o goberno de Clemente Iglesias lle dá prioridade e o xestiona como o que é, un servizo público fundamental para que as persoas maiores poidan vivir o maior tempo posible nas súas casas, e non como un instrumento electoral e de control social, como vén facendo”.

O CIT rexeita a decisión da Federación Galega de Pesca

O Centro de Iniciativas Turísticas de A Pontenova rexeita a decisión tomada pola Federación Galega de Pesca, que considera como falta moi grave a participación de clubs e deportistas federados en competicións galegas non autorizadas pola FGP.

Deste xeito, segundo recolle a acta de reunión realizada o 30 de setembro, os federados que participen en competicións non autorizadas pola FGP sufrirán a perda ou descenso de tódalas categorías. A federación só autoriza as competicións de Salmónidos que se desenvolvan exclusivamente na modalidade de pesca sen morte.

Tras este acordo, o Centro de Iniciativas e Turismo de A Pontenova ve lesionados os seus intereses, pois na Festa da Troita levan participando federados que a partir de agora terán que decidir se facelo ou non baixo a



ameaza da FGP.

Na mesma posición estarán outras festas da troita e concursos nos que os federados non poderán participar por medo ás represalias federativas.

O CIT da Pontenova non entende esta medida que impide aos federados participar nas competicións que estimen oportuno. Así, fan un chamamento á cordura á

FGP para que reconsidere a decisión tomada que vai en contra dos federados e dos concursos e certames que a FGP non controla directamente.

No caso de continuar con esta ameaza, a asociación da Pontenova tomará as medidas oportunas para non ver lesionados os seus intereses turísticos e deportivos na Festa da Troita.

Un libro recompila parte do arquivo do fotógrafo pontenovés Edelmiro Méndez



Presentouse na Pontenova o libro *Edelmiro Méndez. Da terra que fomos*, unha recompilación de imaxes do fotógrafo pontenovés Edelmiro Méndez publicada pola editorial Canela coa colaboración da Vicepresidencia da Deputación.

Iria Castro, deputada de Cultura, valorou o traballo de Xosé Manuel Méndez “na conservación e dixitalización do patrimonio fotográfico da familia, que dá orixe a este libro” e ao editor e destacou “a importancia de colaborar con este tipo de publicacións que son unha ferramenta para coñecer unha parte da historia, a través de rostros e paisaxes próximas” *Edelmiro Méndez. Da terra que fomos*, contén 226 fotografías

das que 219 foron tiradas en branco e negro por Méndez entre os anos 1957 e 1964 no actual concello lugués da Pontenova, conformando un conxunto de gran valor histórico, etnográfico e documental que representa a sociedade local tradicional, recoñecible aínda por moitas persoas, cando iniciaba a transformación que se consolidaría anos despois.

O discurso visual do libro percorre o ciclo vital das persoas, que o fotógrafo rexistra desde o nacemento ata a morte, nas festas lúdicas e relixiosas, romarías, xogos, divertimentos, vodas, malleas e outros aspectos do ciclo agrícola, festivo, etc.

A escudería A Pontenova organiza unha cea baile

A Escudería A Pontenova organiza o vindeiro sábado 11 de novembro unha cea baile no local das sociedades. A cita comezará ás 22.00 horas. Os asistentes poderán gozar dun menú a base de empanada, callos, carrilleiras, sobremesa e café por un prezo de 25 euros por persoa. Os rapaces e rapazas de 5 a 12 anos tamén teñen un menú propio por 13 euros. As ceas estarán servidas polo Lar da Balbina.

Ademais, haberá sorteos e baile co Dj Bombardero. Os interesantes deben reservar antes do día 8 no Lar de Balbina, na librería Eugenia ou a través dos teléfonos 623 031 206 ou 690 076 136.

ITV. Os turismos poderán realizar unha inspección técnica do 24 ao 29 de novembro. Durante estas datas, unha unidade móbil de inspección técnica desprazase a Chousa da Veiga.

O servizo estará dispoñible de 9.00 a 13.30 e de 15.15 a 18.00. Prestarase todos os días en horario de mañá e tarde agás o día 29, no que a atención será unicamente pola mañá.

A admisión de vehículos con características particulares estará condicionada á posibilidade de realizar as operacións de inspección regulamentarias.

“A Feira de Antigüidades e Artesanía é xa un referente neste sector”

Darío Campos, rexedor local, fala sobre o turismo de aventura e etnográfico

Darío Campos, alcalde da Pontenova dende o 2007, é un apaixonado da natureza e sente un profundo amor pola súa vila natal.

A Pontenova destaca por contar cun amplo corazón verde. Cales son os principais atractivos?

Destaca por ser un municipio con moito bosque, moitos quilómetros verdes, nos que se pode gozar do río Eo e da arquitectura popular como son os muíños, e das rutas de sendeirismo. Cada unha das nosas rutas de sendeirismo conta unha historia diferente.

Como son estas rutas?

Contamos coa Ruta do Ferrocarril, que amosa a historia e o percorrido que facía o único tren mineiro que existiu en Galicia; a das Minas, que amosa o entorno daqueles mineiros de principios do século XX; a dos Fornos, na que se ve o proceso de calcinación que neles se realizaba; a Férrea, que sorteia a difícil orografía da zona pola que discorre; a Ruta das Reigadas e a Ruta da Seimeira, que ensina como eran antes os montes en Galicia antes de que a chegada doutras especies foráneas de crecemento máis rápido cambiasse por completo a fisionomía dos montes.

E agora están inmersos na creación doutra, non?

Si, estamos preparando, que esperamos que estea lista para dentro dun mes, e que conta cunha especie de ponte tibetana e que se atopa na parcela da mina. Queremos que sexa parte do trazado da nova ruta das minas.

E por onde transcorrerá?

Irán bordeando a explotación a ceo aberto por unha trincheira ou calicata que era por onde sacaban o mineral. Ten o seu atractivo porque se ven buratos, escavacións e unhas penas cun miradoiro moi bonito. Todo isto fai que toda a ruta sexa moi fermosa e distinta ás demais o que fai que se potencie o turismo de aventura.

A tirolina segue dando pulo ao turismo?

Por suposto. A verdade é que influíu moito no turismo e é un complemento máis a todo o que ofrece o noso pobo como é a mina. Ademais no municipio estanse a vender moitas casas para xente de fóra de Galicia, porque supoño que veñen a algo máis climaticamente tranquilo e ademais rodeados de natureza e no rural e que se atopa a un paso doutros moitos atractivos da comarca e de cidades.

“A baixada á mina é algo que non podes atopar en ningún outro sitio, polo menos aquí en Galicia”

Que nos pode contar da mina?

A baixada á mina é algo que non podes atopar en ningún outro sitio, polo menos aquí en Galicia non hai ningunha explotación mineira que se poda visitar por dentro, e con iso a xente queda bastante abraiada, ademais como tes que poñer a roupa, o casco e o frontal, é algo totalmente diferente. Polo momento só se pode baixar a o nivel -1 malia que conta con 6 e a nosa idea é conseguir nun par de anos que se puidera baixar a todos os niveis.

E da nova ponte tibetana?

A ruta da ponte tibetana sairá dos Fornos e irá bordeando a explotación a ceo aberto. Ten 40 metros de caída e 30 de lonxitude e consiste en varios cables de aceiro, un inferior polo que se avanza camiñando e outros superiores que se agarran coas mans e con arneses. É apta para todos os públicos, aínda que é mellor se se está en boa condición física, pero non é indispensable.

Xa no mes de decembro acollerán

unha nova edición da Feira de Artesanía e Antigüidades?

Si, será coma sempre na ponte festiva dos días 8, 9 e 10 de decembro e na praza dos Fornos instaláranse numerosos postos de artesanía de diferentes zonas xeográficas de toda España. A feira está moi ben organizada e asentada xa que moitos dos anticuarios e os artesáns adoitan repetir. Nestes días achéganse entre 3.000 e 4.000 visitantes ata A Pontenova, xa que nestas datas de inverno no que non hai moita festa ata o Nadal, e ademais é un evento moi consolidado na comarca.

Que se poderá ver nesta Feira?

Pois expoñeranse artigos de cestería, carpintería, complementos en tea, xoiería ou coiro. Tamén adoita haber talleres en vivo de artesáns para amosar os seus oficios. Esta cita, que é xa un referente no sector contará con máis de 60 expositores entre anticuarios e artesáns. Como complemento á Feira celebrárase tamén a Xuntanza de Vespas, motos e coches clásicos, na que se pode desfrutar destes vehículos históricos e ademais haberá premios.

Como marchan as obras da residencia de maiores?

Pois a verdade van a bo ritmo, e calculamos que a finais de ano a estrutura estea totalmente rematada,



e para equipala e botala a andar xa será no 2025. Ogallá rematen antes as obras, pero prefiro xogar con estas marxes. É un proxecto moi importante para a veciñanza pois dotará ao pobo dun servizo importantísimo. Contará con 30 prazas de residencia e 20 de centro de día, tamén dará traballo directamente a unhas 25 persoas e creará indirectamente outros empregos e actividades económicas na vila.

Noutra ocasión citou que lle gustaría rehabilitar a Ferrería de Bogo.

Como se atopa ese proxecto?

Pois vamos pasiño a pasiño. Estamos intentando mercala, xa que é unha edificación particular, e os donos están inmersos nuns pequenos problemas burocráticos de herdanzas. Pola nosa parte está o arquitecto facendo a valoración para que, senón é neste ano que sexa a principios do que vén, se poida escriturar ao noso nome. Así mesmo xa presentamos un proxecto a nivel Europa para conseguir fondos. Así que pouco a pouco xa que é unha mágoa que un edificio emblemático que data do século XV estea nese estado. É un fermoso lugar e será moi agradecido para visitar e para ver e sentir como era a ferrería.

Tamén estiveron amañando un muíño na Ruta dos namorados.

Certo e o muíño xa está restaurado por fóra e agora quédanos o interior. Estaría ben que atopásemos a alguén especializado nese tema e que nos puidese botar unha man aínda que nada máis sexa para unha fin didáctica e que os rapaces vexan como se facía este traballo. Na Pontenova xa non queda ningún muíño que faga os labores que facía o muíneiro.

PROGRAMACIÓN DA FEIRA

A Pontenova acollerá os días 8, 9 e 10 de decembro a celebración da XVI edición da Feira de Artesanía e Antigüidades. Esta cita terá lugar na praza dos Fornos, onde se instalarán 28 anticuarios, e no local da casa da cultura, onde haberá 32 artesáns e postos de alimentación.

A entrada é totalmente gratuíta e poderase desfrutar ademais dunha exposición de cestería cedida polo Centro de

Artesanía de Lugo.

Así mesmo, contarán coa presenza de artesáns que realizarán talleres en vivo como o de cestería de vimbio, lámpadas de cabaza, ferreiros, torno de madeira, xoiería ou coiro.

O horario de visita será o todos os días de 11.00 a 14.00 e de 16. a 21.00 agás o domingo que se pechará unha hora antes. O sábado 9 ás 20.00 horas procederase á inauguración oficial.



O alumnado do CEIP San Cosme visitou as colleitas da froita do dragón en Xove



Alumnado do CEIP San Cosme de Barreiros visitou Tropic Gaia, en Xove, no marco da segunda edición do programa Da Escola á Granxa da área de Medio Rural da Vicepresidencia da Deputación de Lugo.

O alumnado de infantil e primaria coñeceu a orixe, proceso de crecemento ou a técnica de recolleita da pitaya ou froita do dragón, o produto estrela da produción de froitas tropicais que hai en Morás. Da súa man, percorreron os corredores dos invernadoiros nos que cultiva estas froitas e puideron degustalas.

Ademais, os nenos recibiron tamén un exemplar do libro *Os Bolechás*. *Da Escola á Granxa*, que

Medio Rural edita con Bolanda para ampliar a difusión do programa.

Tropic Gaia é un dos 29 proxectos de emprendemento rural que participan no programa, no que se atopan granxas, pequenas producións agrarias e obradoiros alimentarios das distintas comarcas. Estas inclúen actividades diversas, desde a produción de froita e produtos de horta ata a cría de gando vacún, ovino, cabrún, avícola ou cabalar ou a elaboración de queixos e marmeladas.

A área de Medio Rural financia as visitas ás asociacións de nais e pais que solicitaron as actividades, que se están a desenvolver neste segundo semestre do ano.

Arranca a primeira biblioteca rural situada en San Xusto



Barreiros celebrou o Día das Bibliotecas poñendo en marcha un novo servizo para a súa veciñanza: a biblioteca rural de San Xusto. A alcaldesa manifestou “o orgullo de poder ir facendo realidade os soños colectivos e o convencemento da necesidade de sacar a cultura dos circuitos tradicionais para achegala a toda a veciñanza e a todos os lugares”. Incidiu igualmente no “agradecemento á veciñanza que acolle as ideas e as fai propias, como garantía de éxito no seu funcionamento e agradeceu, nomeadamente, á Asociación de San Xusto a súa implicación para a xestión da biblioteca.” A portavoz da Asociación de San

Xusto, Teresa Palacios, anunciou que se abrirá todas as tardes dos luns para que a veciñanza poida achegarse alí e recoller libros, cambialos, realizar consultas ou facer actividades.

1000 LIBROS. Esta nova biblioteca componse de 950 exemplares reunidos grazas a doazóns veciñais e á adquisición realizada polo Concello co Obradoiro de Emprego Vilas Coidadoras. Nesta selección pódense atopar novelas, relatos, poesía, teatro, autoaxuda, cómic, literatura infantil, xuvenil e adolescente, primeiros lectores e libros en inglés que se reparten en oito estanterías que ocupan as paredes dun local equipa-

do con mesas, cadeiras e ordenador para facilitar a xestión.

A adecuación e organización do espazo foi realizada polo Obradoiro de Emprego Vilas Coidadoras na súa edición pasada e actual, a cuxa dirección, monitorado e alumnado agradeceron a dedicación.

VILAMARTÍN GRANDE. Xunto coa posta en marcha desta biblioteca en San Xusto, o Concello traballa nunha segunda biblioteca rural en Vilamartín Grande, onde se están a realizar as labores de adecuación das antigas escolas para volver darlles vida cheas de libros e actividades, para o que contan tamén coa colaboración da asociación veciñal dese lugar.

O PP denuncia que hai rúas en Benquerencia sen alumeado público

Os veciños de San Pedro de Benquerencia levan uns dez días sufrindo problemas co alumeado público, existindo zonas nas que o servizo non se presta dende hai máis dunha semana. O voceiro do PP de Barreiros, José Manuel Gómez Puente, achegouse a esta zona “en canto tivo coñecemento deste problema” e comprobou como efectivamente hai deficiencias co alumeado público.

Explica José Manuel Gómez Puente que se achegou á rúa Sarxéndrez e a varias rúas da contorna e comprobou “como non hai ningún tipo de iluminación pública”. Ademais da rúa Sarxéndrez, hai outras zonas, como as proximidades da praia de Fontela, nas que tampouco funciona o alumeado público. Deste xeito, Gómez Puente asegu-

ra que descoñecen os motivos “de que haxa moitos farois sen luz, se non reciben subministro eléctrico ou as lámpadas están fundidas”.

Os populares denuncian unha inacción por parte do Concello. “A realidade é que hai un déficit de alumeado dende hai máis dunha semana o que pon de novo de manifesto o deixamento do goberno local de Barreiros por solucionar os problemas reais e diarios dos veciños xa que a falta de alumeado o que provoca é unha sensación de inseguridade importante”, denuncian.

Neste senso, dende o Partido Popular de Barreiros solicitan ao Goberno local que axilice a renovación da iluminación en rúas con déficit de alumeado porque “non é de recibo que haxa rúas con mala ou escasa iluminación”.

Ermida reitera á conselleira a necesidade da EDAR en San Miguel

A alcaldesa de Barreiros, Ana Ermida, vén de dirixir un novo escrito á conselleira de infraestruturas, Ethel Vázquez, no que reitera a necesidade do municipio de contar con financiamento para poder construír unha EDAR en San Miguel que solucione a deficiencia da depuración de augas residuais na zona.

Xa durante o verán, a mandataria municipal se dirixira ao presidente da Xunta, Alfonso Rueda, sen obter resposta ata o momento; trasladándolle o déficit en servizos que ten o municipio a raíz do crecemento sen planificación que se produciu neste concello.

Ante a falta de resposta do máximo mandatario galego, Ermida traslada novamente á conselleira “a necesidade acuciante que ten Barreiros de mellorar o sistema de depuración e, nomeadamente,



de poder contar cunha nova EDAR para a que xa existe proxecto, mais non financiamento”.

Ana Ermida manifesta que é coñecedora da preocupación da conselleira por este tema e tamén do seu compromiso por solucionalo, “tal e como manifestou publicamente nun acto ao que acudiu a este concello hai uns meses, na campaña electoral das eleccións

municipais”.

No escrito reitérase o que xa se lle trasladou á Xunta en varias ocasións, facendo fincapé na chegada de fondos europeos e na oportunidade que pode existir, tal e como se fai noutros concellos. Por esta razón, reiterou “a necesidade de que desde o Goberno da Xunta teñan en conta a especial situación de Barreiros”.

As obras no CEIP de Cervo habilitan un espazo para un Polo creativo

Veñen de executarse varias obras no CEIP de Cervo para poñer en marcha un polo creativo, un dos espazos tecnolóxicos que está a impulsar a Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades co fin de que os rapaces traballen competencias en ciencia, tecnoloxía, enxeñería e matemáticas.

O delegado territorial de Lugo, Javier Arias, comprobou o resultado da actuación, na que se optou por instalar este novo recurso no que era a sala de profesores, contigua á biblioteca.

Tamén se reorganizou a zona administrativa para habilitar alí unha nova sala de profesores; e creouse un despacho máis na planta superior. O investimento en todos estes traballos rondou os 11.000 euros. Arias afirmou que a Xunta impulsa a implantación de polos creativos nos centros educativos



para fomentar o uso e aprendizaxe das novas tecnoloxías entre o alumnado. Para iso, contan con equipamento especializado de audiovisual, fotografía, electrónica, robótica, fabricación, construción, téxtil e informática, con kits adaptados aos niveis educativos aos que van dirixidos.

Esta medida enmárcase na folia de

ruta da Estratexia galega de educación dixital e do Plan de nova arquitectura pedagóxica, co obxectivo de avanzar cara a infraestruturas educativas máis innovadoras e sostibles. No caso do CEIP de Cervo, Arias lembrou que a Xunta acometeu unha rehabilitación integral do centro hai tres anos, cun investimento de case un millón de euros.

A piscina municipal dá a benvida ao novo curso con 870 socios tras renovar as instalacións



Deu comezo o novo curso na piscina municipal coa asistencia de 230 persoas aos cursos, o que supón medio cento máis que o ano anterior. Así o deu a coñecer a alcaldesa, Dolores García Caramés, e o edil de Deportes, David Rodríguez. A organización destas actividades responde á filosofía da Administración local que pretende “promover a práctica deportiva no seu conxunto desde idades máis temperás”, sinalaron. Ademais tamén comezaron as clases de aquagym, así como os cursos para adultos e nenos nos seus diferentes niveis, desde iniciación a perfeccionamento. Estas propostas organizanse nunhas instalacións renovadas.

O Concello fixo un importante esforzo inversor para mellorar as piscinas, xa que neste último ano

destináronse máis de 30.000 euros “todos eles procedentes das arcas municipais”, recordou o edil de Deportes. En concreto, renovouse a maquinaria de cardio e reforzouse e mellorouse o material e equipamento de musculación.

Ademais da renovación integral do ximnasio, Caramés quixo destacar o aumento do número de socios que neste curso acada os 870. “Incrementamos en 60 o número de afiliados este ano o que é un bo síntoma da calidade da instalación que temos o privilexio de ter en Cervo e que é a única na provincia destas características”, asegurou a alcaldesa. A rexedora tamén quixo poñer en valor o traballo dos profesionais municipais que se encargan de velar pola seguridade dos bañistas e de impartir os diferentes cursos.

Aberto o prazo para as axudas de transporte escolar

O Concello dispón dunha partida de 12.000 euros para as axudas ao transporte escolar daqueles alumnos que cursan estudos fóra do termo municipal; sempre que se trate de formación ou titulacións que non se impartan en ningún centro do termo municipal.

Os estudantes terán que cumprir os requisitos establecidos nas bases, dispoñibles na Casa da Cultura, na Casa do Concello e na sede electrónica da web municipal, e presentar a documentación requirida no Rexistro Xeral do Concello. O prazo para facelo remata o 20 de novembro.

Tal e como sinala a rexedora, Dolores García Caramés, trátase dunha subvención financiada ao 100% con fondos municipais co obxectivo de “apoiar ás familias na educación dos seus fillos e

contribuír a que exista igualdade de oportunidades. E por suposto, é unha forma de apoiar a formación e o estudo, ao igual que facemos con outras subvencións tamén municipais, como é o caso das axudas ao material escolar e libros, cuxo prazo tamén está aberto para a súa solicitude”.

LIBROS E MATERIAL. Tamén está aberto o prazo de solicitude de axudas para a adquisición de libros e material escolar para as familias do alumnado de Educación Infantil dos dous centros do municipio nos que se imparte este ciclo educativo. Deste xeito, a prestación afecta aos matriculados no CEIP Península da Paz e no CEIP de Cervo.

A convocatoria permanecerá aberta ata o vindeiro 9 de novembro.

A AXENDA DO MES DE NOVEMBRO



RA RAMIRA. O Concello promove unha serie de obradoiros de lecer dirixidos ás crianzas de Educación Infantil que se desenvolverán na Casa da Cultura, cada martes e xoves, en horario de 17.00 a 18.00 horas. Os pequenos desfrutarán da compañía especial da Ra Ramira, que compartirá anacos divertidos e didácticos con eles/as, nos que terán cabida todo tipo de actividades de lecer, como manualidades, contos, obradoiros de baile, cine... E un sen fin de alternativas para pasar unhas tardes de outono gozando e aprendendo entre amigos! As inscricións xa están dispoñibles na Casa da Cultura e ademais, tamén está aberto o prazo para anotarse aos obradoiros temáticos dirixidos ao alumnado de primaria que terán lugar cada dous sábados na Casa da Cultura.

TEATRO. O Goberno local puxo en marcha unha nova edición do Obradoiro de Teatro Pimpim, que arranca a partir de novembro todos os martes e xoves en horario de 18.00 a 19.00 horas. O obradoiro, que está dirixido a nenos e nenas de entre 6 e 12 anos, considérase como unha ferramenta pedagóxica para o seu desenvolvemento integral nesta etapa na que comeza a construír a súa propia personalidade. Así, desde o Concello apostan polo teatro, unha disciplina moi completa que lles axuda a socializar, mellora a súa concentración, e tamén potencia as súas habilidades comunicativas e a súa autoestima; entre outros moitos beneficios, defenden.

OBRA DOIROS. O Concello cervense organiza as Xornadas de obradoiros temáticos durante dous sábados ao mes e que están dirixidas aos pequenos. Así, os cativos pertencentes a Cervo terán á súa disposición diferentes actividades que irán rotando de temática cada mes. En novembro serán os días 4 e 18, e en decembro o 9 e o 16. Haberá dous grupos, de 1º a 3º de Primaria de 10.00 a 11.30 horas, e de 4º a 6º de 11.30 a 13.00 horas. A excepción do 16 de decembro que ambos grupos irán de 10.00 a 11.30 horas.

O CEIP Península da Paz de San Cibrao contará cun mural adicado a Rosalía



O CEIP Península da Paz de San Cibrao contará cun mural adicado á escritora galega Rosalía de Castro dentro do programa de intervencións promovidas pola Vicepresidencia da Deputación de Lugo. Esta obra estará creada pola muralista Diana Rodeiro, Nana, que xa nas últimas semanas pintou outros murais no IES de Monterroso e no CEIP Ricardo Gasset do Incio, no CEIP Rosalía de Castro de Mosteiro, en Pol, entre outros. Outras dúas muralistas, Sandra Lodi e Lara Torres, realizan obras en homenaxe a Rosalía de Castro en centros educativos das distintas comarcas, contribuíndo a popularizar a súa figura como referencia cultural e feminista. En total, ao longo do ano faranse 18 murais.

Alfoz organiza un ano máis o concurso de postais de Nadal

Un ano máis a Concellería de Cultura de Alfoz organiza o concurso de postais de Nadal. Dirixido a todo o alumnado do CEIP Castro de Ouro de Alfoz que se dividirá en 3 categorías: Educación Infantil, 1º, 2º e 3º de Primaria e 4º, 5º e 6º de Primaria.

As postais estarán relacionadas con motivos do Nadal e quedarán excluídos os traballos cuxo contido poida causar rexeitamento social.

Cada participante só poderá presentar unha obra orixinal e inédita. Habrá un premio por cada categoría e tamén o resto de nenos terán o seu diploma de participación e un pequeno agasallo por participar. As postais gañadoras serán os calendarios do concello para 2024. O prazo de presentación das postais rematará o 7 de decembro de 2023, debendo ser entregadas aos titores de cada grupo educativo.

‘Nove Lúas’, de Lionel Rexes, premiada no VIII Xosé Neira Vilas

A obra ‘Nove Lúas’, do albocego Lionel Rexes Martínez, foi premiada na oitava edición do Premio Xosé Neira Vilas de Novela Curta.

O xurado destacou a estrutura narrativa creada ao redor dos personaxes e de como deben afrontar as opcións vitais e laborais en contextos de gran dificultade.

A sesión celebrouse no Pazo de San Roque e o xurado estivo integrado polos membros da Fundación Xosé



Neira Vilas, Juan Andrés Fernández e Rosalía Morlán, así como polo crítico literario e profesor universitario Armando Requeixo.

O galardón, dotado con 1.000 euros e a publicación do traballo en Edicións Embora, entregouse nun acto público na Casa do Romano, sede da Fundación Xosé Neira Vilas en Vila de Cruces, coincidindo coa conmemoración do Día da Lectura.

trabada

A alcaldesa pide axuda para facer fronte á praga de vermes

A alcaldesa pídelle á Xunta de Galicia colaboración para poder facer fronte “á praga de vermes que está a causar estragos nos cultivos e colleitas”.

A rexedora envioulle unha carta ao conselleiro de Medio Rural, José González Vázquez, pois atópase “preocupada por unha situación que afecta gravemente ao noso concello e ao entorno natural que nos rodea”. Deste xeito, decidiu transmitirle “a nosa inquedanza con respecto á praga de vermes que actualmente nos afecta en Trabada”.

Esta problemática remóntase meses atrás cando observaron “un aumento significativo na poboación de vermes, unha praga que está a causar estragos nos cultivos dos gandeiros e agricultores así como nas zonas ver-

des”. Esta realidade afecta “non só á estética, senón tamén á calidade de vida da veciñanza, que por unha banda ven estragadas as súas colleitas e por outra provocan limitacións no día a día xa que esta praga chega ata as portas das vivendas”, explica García Bermúdez.

Dende o Goberno local solicítase a colaboración á Administración autonómica para elaborar “unha avaliación da situación e así desenvolver un plan de acción que inclúa métodos de control e axudas aos afectados ao igual que se fixo polos danos ocasionados por outras pragas, como recentemente se fixo dende a consellería que dirixe para paliar os danos ocasionados polo incremento poboacional da rata toupa”.

O PP di que a alcaldesa “non está no día a día do concello para coñecer os problemas”

O voceiro do PP de Trabada, José María Fernández, denuncia a campaña de “lavado de imaxe” que está a realizar a alcaldesa do municipio “debido a que sempre está ausente e por iso ten que facer xuntanzas coa veciñanza para coñecer as súas necesidades”.

Fernández pregunta á alcaldesa se “realmente vai atender as peticións dos veciños das parroquias ou van caer en saco roto como todas as súas promesas electorais, das que non cumpriu nin a primeira”. Dende o PP de Trabada explican que “nós si que coñecemos os problemas reais dos veciños e o que eles que- ren é que se arranxen as estradas,

sobre todo as provinciais, as concentracións parcelarias, vivendas de protección oficial, e un polígono industrial”.

En cambio, a alcaldesa fala de facer un auditorio en Trabada que “non poñemos en dúbida de que sexa unha boa inversión, pero a realidade é que non é o que reclaman”.

“Se repasamos todos os seus anos como alcaldesa ninguén pode poñer en dúbida que non trouxo nin un só investimento importante”, lamentou, “sen esquecer que de todas as peticións que se realizaron por parte de asociacións veciñais e de comunidades de montes non atendeu ningunha”.

A Deputación fai unha achega para o centro de novas tecnoloxías

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, e a alcaldesa de Trabada, Mayra García Bermúdez, firmaron un acordo a través do que a institución provincial achega ao Concello mariñán 48.000 euros para a creación dun centro de novas tecnoloxías en Vilaformán, rehabilitando o antigo teleclub da parroquia.

José Tomé explicou que o investimento provincial supón un 90% do custo total da actuación, que permitirá a posta en marcha dun espazo innovador impulsado pola propia alcaldesa: “O centro prestará atención á veciñanza da parroquia, pero tamén de todo o concello e axudará a dinamizar a vida social e económica con acceso ás novas tecnoloxías no rural”.

“Estamos creando polo tanto novos servizos, que contribúen a mellorar a calidade de vida da xente, un factor fundamental para fixar poboación no rural, que é un dos grandes obxectivos que temos na Deputación en colaboración cos concellos”, explicou o presidente.

Neste sentido, sinalou que este proxecto en Trabada responde ao compromiso de cooperación que a institución provincial mantén cos municipios da provincia para que poidan prestar máis e mellores servizos aos seus veciños e veciñas.

TRABALLOS. Os traballos para crear un centro de novas tecnoloxías en Vilaformán consistirán na retirada da rede eléctrica e os equipos de iluminación, a demolición de tabiques, pavimentos e revestimentos interiores e na retirada da carpintería de madeira existente.

Grazas ao proxecto habilitaranse no edificio, de 131 metros cadrados,



dous espazos, un para instalar material informático e o segundo para levar a cabo formación relacionada con actividades no rural, clases de primeiros auxilios, ximnasia ou cursos informativos.

Este acordo súmase aos investimentos que a Deputación de Lugo fai no concello de Trabada, xa que dende 2019 a institución provincial destinou 3 millóns de euros para actuacións que contribúen á mellora da calidade de vida dos trabadenses e dinamizar a economía local, así como para o funcionamento do Centro de Atención a Maiores.

Un terzo do orzamento está destinado á residencia da Deputación, que atende a 34 persoas maiores e dá emprego a 25 traballadores e traballadoras, polo que supón un factor de dinamización social e económica do concello de primeira orde.

CEIP CELSO CURRÁS. Recentemente a alcaldesa, trasladoulle ao conselleiro de Educación da Xunta, Román Rodríguez, “unha demanda da comunidade educativa de Trabada, xa que o inmovible que alberga o CEIP

Celso Currás precisa dunha rehabilitación integral que mellore a súa eficiencia enerxética”.

Nunha carta dirixida ao conselleiro, lembra que “no Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica non se incluía ningunha mellora no noso centro educativo, e dende o Concello solicitamos unha axuda en marzo deste ano e para iso, o concello contratou a redacción do ‘Proxecto de melloras da eficiencia enerxética no complexo educativo de Trabada’, cun orzamento total de 199.920,50 euros”.

“Con este proxecto pretendíamos levar a cabo o cambio da cuberta, que ten unha chapa grecada de aceiro galvanizado aparafusada sobre placas de fibrocemento con amianto, pero esta axuda foi denegada”, engade García Bermúdez.

Ademais, a alcaldesa sostén que “dende o Concello asumimos o mantemento do centro e entre outros, os gastos de subministro de enerxía eléctrica. Tamén ofrecemos ás familias os servizos de Madrugadores e Ludiseráns coa finalidade de aumentar a matrícula”.

alfoz

A alcaldesa recibirá 18.900 euros pola súa dedicación parcial

A alcaldesa de Alfoz, Efigenia Maseda, recibirá unha dedicación parcial anual bruta de 18.900 euros do Concello. Esta cantidade a recibira en dez pagas que se corresponden coas mensualidades dos meses de setembro a xuño.

Deste xeito, deberá dedicar as súas funcións municipais un 50% da súa xornada, é dicir, unhas 18,75 horas semanais, segundo se recolle no anuncio publicado polo Boletín Oficial da Provincia. Ademais, tal e como se indica no anuncio feito público polo Concello, deberá contar cunha presenza mínima no consistorio, agás labores representativas, os luns e venres de oito da mañá a dúas da tarde; os martes de unha a tres da tarde; os mércores de doce da mañá a dúas e os xoves de doce a tres menos cuarto. Este horario será o que deberá cumprir de setembro a xuño, ambos meses incluídos, do presente curso escolar, mentres que para os meses do curso escolar dos vindeiros anos tamén se actualizará o horario mínimo.

INCORPORACIÓNS. “Despois duns meses de adaptación ás funcións do Goberno, nas que



o traballo e a solución de incidencias foi a tónica habitual, chegou o momento de pensar tamén na estruturación interna do partido”, din desde VIA Alfoz trala celebración da IV Asamblea Xeral de VIA na que se plantexou una nova formación para a Xunta Directiva. En canto ás incorporacións, VIA presentou a Judit Casabella Pardeiro, Iria Braña López e Yahel Rodríguez Rubal, que se engaden á andadura da Xunta Directiva para dar continuidade ás iniciativas do partido con ilusión e moitas ganas de aportar o seu coñecemento e traballo.

Judit, é actualmente concelleira de Desenvolvemento Local, terá deste xeito a vogalía de Medio Rural dentro da Xunta Directiva,

que se corresponde parcialmente coas súas funcións no concello. Pola súa parte, Iria entra para tomar o cargo de secretaria, no que a súa experiencia a nivel documental e organizativa será un gran valor para o equipo. Yahel, pola súa banda, farase cargo da vogalía de Participación, na que será clave a súa actitude activa e as ganas que trae de transmitir. En canto ao cargo de Presidencia, que ata o momento estivo asignado a Efigenia Maseda, será recollido por Xabier Pardiñas.

O cargo de Vicepresidencia tamén cambiará de mans e pasará a ser función de Fernanda Casabella Méndez, a Tesourería continúa a cargo de Pablo Maseda Rubal.

Alfoz organiza o Mes do Teatro durante o mes de novembro

O Concello de Alfoz organiza o Mes do Teatro durante novembro e nel inclúe representacións durante todos os sábados do mes ás 20.00 horas no salón de actos da Casa da Cultura, con entrada de balde.

O 4 de novembro Rebuldeira Teatro presenta ‘Cita previa: historias disparatadas na consulta médica’, dentro do Circuito de Teatro Afeccionado da Área de Cultura, da Vicepresidencia da Deputación de Lugo, a través do cal tamén ofrecerán o sábado 11 ao Colectivo Cultural Ollomao con ‘Pan con chocolate’.

O sábado 18 o Grupo de Teatro do Hospital de Lugo (HULA) representará a comedia ‘Asasinato na tenda de roupa’ e o sábado 25 rematará o ciclo con ‘Vivan os noivos’, de A Adala, ambas subvencionadas polo Concello de Alfoz, a través da Área de Cultura.



MAGOSTO. A Asociación Cultural e Xuvenil O Castelo e a Asociación de Veciños de Mor en colaboración co Concello de Alfoz e a Deputación de Lugo organiza un magosto para o vindeiro 11 de novembro.

A celebración será no pavillón municipal ás 21.00 horas e contará cun menú a base de chou-

rizo, lacón asado, pan, viño, castañas e café, e todo elo por un prezo de 12 euros para socios e 15 para os que non o sexan. Ademais haberá música en directo amenizando toda a xornada festiva.

Para asistir poderase reservar chamando a 657 109 592 ou 603 895 753.

o valadouro

A XXVII Concentración de Motos Valadouro será os días 3, 4 e 5 de maio do 2024



O Moto Clube Valadouro vén de presentar a data da vindeira XXVII Concentración de Motos Valadouro, que será os días 3, 4 e 5 de maio de 2024.

Polo momento, non hai programa, pero prevese que coma outros anos a concentración se desenvolverá dende as 21.00 horas do venres cunha merenda e un concerto,

así como diferentes actividades como mercado, rutas, exhibicións acrobáticas e rutas.

Este ano, o evento contou na súa xornada de inauguración cunha cervexa de benvinda, seguida da pinchada moteira que terá churrasco, tortillas, empanada, chourizo, pan e sobremesa e tamén cun concerto a cargo do grupo Rockvival.

A vila acolle un obradoiro creativo de manualidades e actividades para maiores

O Valadouro prepara un obradoiro creativo de manualidades, que será impartido no Local Social Concepción Arenal situada no Antigo Matadoiro, a partir do 7 de novembro ás 16.00 horas.

A duración das actividades está prevista ata o 28 de xuño de 2024 e será os martes de 16.00 a 18.00 horas.

As solicitudes realizaranse nas Oficinas Municipais en horario de atención ao público de 09.00 a 14.30 ou na Casa da Cultura do Concello do Valadouro tamén en horario de atención ao público de 09.00 a 20.30.

Unha vez iniciadas as actividades, sempre e cando queden prazas libres, poderán inscribirse máis persoas interesadas ata cubrir todas as prazas. As persoas interesadas poden atopar as bases de participación e o modelo de inscrición na páxina web municipal.

MAIORES. O concello acolle diferentes programas de actividades para maiores entre os que se atopan ximnasia de mantemento, pilates, ioga ou

talleres de memoria.

A duración das actividades está prevista dende o 9 de outubro ao 7 de xuño de 2024. O desenvolvemento das citadas actividades estará condicionado á existencia dun mínimo de 8 participantes en cada unha delas.

Ximnasia de mantemento que impartirase en Ferreira os luns e mércores de 10.00 a 11.00 e no Cadramón os martes de 17.30 a 18.30, o curso de pilates será os martes de 20.30 a 21.30, o de ioga os luns de 20.45 a 21.45, e o taller de memoria os luns de 18.15 a 19.15 en Ferreira e o mércores de 18.30 a 19.30 no Cadramón.

Tamén engadiron un obradoiro de uso de novas tecnoloxías que será dende febreiro a maio en día pendentes de confirmar, e un de envellecemento activo que será os xoves de 17.00 a 18.00.

O prazo de solicitude xa comezou e deberán realizarse nas Oficinas Municipais en horario de atención ao público de 9.00 a 14.30 ou na casa da cultura do Concello do Valadouro.

Antón Riveiro recibe o I Premio Álvaro Cunqueiro de Novela do Concello de Mondoñedo



Fíxose entrega do I Premio de Novela Álvaro Cunqueiro do Concello de Mondoñedo e que recaeu en Antón Riveiro Coello coa obra *Hotel Carioca* e, seguidamente, procedeuse ao acto de presentación do libro. O xurado destaca en *Hotel Carioca* como “a construción literaria do texto que alterna, con mestría, tempos e espazos e incorpora un fino xogo metaliterario, para levarnos da man das vidas dunha saga familiar con personaxes dunha gran fondura psicolóxica e emotiva”.

Novela plural, fai converxer as augas de diversas subtramas, nas que os sucesos acontecidos no gurgullante Brasil dialogan, nun vitral de espellos, coas circunstancias da Galicia máis próxima.

Antón Riveiro Coello (Xinzo de Limia, 1964) é autor de novelas tan coñecidas como *A quinta de Saler* (Finalista do Premio de Narrativa Torrente Balles-

ter, 1999), *Animalia* (Premio Café Dublín, 1999), *As rulas de Bakunin* (Premio García Barros de Novela, 2000), *Laura no deserto* (Premio da Crítica Española, 2011) ou *O paraíso dos inocentes* (Premio Torrente Ballester, 2020), entre outras. Articulista, poeta ocasional e escritor de relatos, Riveiro Coello é un dos grandes nomes da literatura galega dos últimos anos.

MEDIO CENTO DE NOVELAS. *Hotel Carioca*, elixida polo xurado de entre medio cento de novelas participantes, destaca, en palabras do xurado, pola “construción literaria do texto que alterna con mestría tempos e espazos, ao tempo que incorpora un fino xogo metaliterario para levarnos da man das vidas dunha saga familiar con personaxes dunha gran fondura psicolóxica e emotiva”.

Volve a Papanoelada Moteira do Motoclube Ruta N-634

O Motoclube Ruta N-634 en colaboración co Concello de Mondoñedo preparan a sexta Papanoelada moteira na que todo o que queira participar pode dar o espectáculo rodando en moto e vestido de Papá Noel.

A cita terá lugar o sábado 23 de decembro, a partir das 16.00 horas dende a praza da Catedral.

Ademais, o evento contará tamén con chocolatada, colchonetas e inchables, agasallos e sorteos.

CONCENTRACIÓN. Así mesmo

informaron da nova edición da Concentración Mototurística N-634 Cidade de Mondoñedo que se celebrara o 16 e 17 de marzo do 2024.

Esta cita chega á súa trixésima terceira edición e nela os participantes poderán desfrutar previsiblemente de diferentes actividades como un salón de tatuaxes, animación, música a cargo dun DJ, xogos, un desfile polas rúas da vila seguido da cea e unha ruta turística pola Mariña, que rematará cun comida para despedir a todos os participantes.

Andrea López foi homenaxeada cunha ofrenda floral no cemiterio

A mestra mindoniense Andrea López Chao foi homenaxeada nun acto organizado pola Asociación Abrindo Camiño e no que participou a deputada de Cultura Iria Castro, a académica Pilar Cagiao Vila e o xornalista Xosé María García Palmeiro, quen se encargaron da ofrenda floral celebrada no Cemiterio Vello de Mondoñedo, fronte á placa homenaxe instalada no pasado verán.

Andrea López Chao emigrou a Cuba onde desenvolveu, a comezos do século pasado, un labor pioneira na defensa do dereito á saúde e á educación das mulleres. Previamente, Iria Castro participou nunha palestra na que se presentou o libro de actas das Extra XVI Xornadas do Peregrino ‘Abrindo Camiño’. Homenaxe a Andrea López Chao, que tiveron lugar o pasado verán en Mondoñedo e Vilalba, editado polo Vicepresidencia da



Deputación, e de proxectou o *teaser* do documental “Andrea López Chao. O poder de educar”, da man da súa directora, Violeta Ramos Valdés, xornalista e cineasta galego-cubana.

Na súa intervención, Iria Castro remarcou que “é de xustiza asegurarnos de que a memoria de Andrea

López Chao e da emigración galega a Cuba se manteña” e animou a continuar a investigación sobre a súa figura como pioneira na defensa do dereito das mulleres á sanidade e á educación a comezos do século pasado, abrindo camiños para todas as que chegamos despois.

Os premios das San Lucas recoñecen aos mellores exemplares cabalares

A Gran Feira Cabalar das San Lucas, en Mondoñedo, recoñeceu as mellores gandarías e exemplares da feira e da baixada tradicional.

O deputado de Medio Rural Daniel García participou na entrega de premios da Gran Feira Cabalar das San Lucas, en Mondoñedo.

Deste xeito, recibiron premios Luciano García no maior número de cabezas de gando cabalar na baixada ao estilo tradicional; Ganados Stefan co maior grupo de 20 cabezas de gando ao estilo tradicional; Carolina de Caxigueira en primeiro cabalo de pura raza galega; CYR Graizal Cape de Tino Vázquez en mellor cabalo de pura raza árabe; Condesa 1 de Fernando González mellor cabalo de pura raza española; Millonario de Daniel Fernández mellor cabalo de silla; Luna de Carlos Fraga mellor cabalo de tiro; Platero de Lino Freire mellor burro; Coco de Fernando Rouco mellor poldro nado en 2023.

Daniel García destacou que a visibilidade que As San Lucas “dan ao gando cabalar e aos gandeiros e gandeiras que os coidan durante o ano, facendo un traballo fundamental para o coidado dos montes e a conservación das paisaxes tradicionais”. Ademais, quixo referirse ao dinamismo desta gandaría na comarca da Mariña “reforzado pola xuventude de moitos dos gandeiros e gandeiras que participaron na baixada e na feira”.



DEPUTACIÓN

Os orzamentos do próximo ano ascenderán a 116 millóns de euros

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, presentou no Parlamento de Galicia as liñas estratéxicas dos Orzamentos da institución para o ano 2024, uns presupostos “realistas, útiles e sociais” que ascenderán a 116M€, o que representa un 5% máis ca neste ano.

O Goberno provincial está elaborando as contas coa previsión de aprobalas en Pleno neste mes de novembro para que así poidan entrar en vigor a primeiros de ano. Cooperación, políticas sociais, mobilidade e apoio aos sectores produtivos son as grandes liñas estratéxicas dos Orzamentos da Deputación de Lugo para o vindeiro ano 2024, concretou o presidente. En canto a cooperación, José Tomé incidiu en que a Deputación de Lugo transfere cada ano o 20% do seu Orzamento aos 67 concellos da provincia, “segundo criterios públicos e obxectivos, e cun respecto máximo á autonomía municipal, pois son os propios concellos os que deciden libremente a que fins destinan os recursos económicos que reciben”. Ademais, este Goberno introduciu medidas para que os concellos poidan aproveitar mellor os fondos.

Xunto aos recursos económicos, a Deputación de Lugo ofrece asistencia técnica a todos os concellos que así o requiren en materia xurídica, urbanística, en xestión e cobro de impostos municipais, en recursos humanos ou en formación, entre outras cuestións, co que aforran miles de euros e gañan eficacia.

O presidente anunciou que, de



para ao ano 2024, ademais de manter as 9 residencias en servizo, o que supón un investimento duns 6M€, “continuaremos traballando noutros 9 proxectos, para completar así os 18 compromisos adquiridos pola institución cos concellos”. Concretou que están en obras as residencias de Guitiriz e da Pontenova, que, avanzou, se abrirán neste mandato; recentemente firmouse o contrato para iniciar a construción do centro da Pobra do Brollón, e avanza os proxectos de Becerreá, Ourul, Cervantes, Pantón, Portomarín e Folgoso do Courel.

O presidente destacou o financiamento do Servizo de Axuda no Fogar por parte da Deputación nos municipios de menos de 20.000 habitantes da provincia -todos menos a capital-, atendendo ás necesidades dos propios concellos”.

No ámbito das políticas sociais, José Tomé destacou que no vindeiro ano 2024 “avanzaremos nun proxecto moi importante para a provincia en colaboración co Goberno de España”, como é a cons-

trucción dun Centro de Acolida de Protección Internacional nas instalacións do antigo Hospital de San Rafael, en Castro de Rei, propiedade da Deputación de Lugo.

Entre outras medidas en materia social de cara ao 2024, o presidente destacou E Para Vivir... a Provincia de Lugo, un plan de acción con medidas específicas fronte ao reto demográfico, para ofrecer un apoio integral ás persoas que decidan trasladarse a vivir a concellos de menos de 5.000 habitantes.

Como “factor clave para o equilibrio territorial e, polo tanto, para fixar poboación”, José Tomé expuxo que a mobilidade é outras das liñas estratéxicas dos Orzamentos 2024 da Deputación. Dedicalle o 30% dos recursos, entre as actuacións na rede viaria provincial e a cooperación cos concellos para a mellora das estradas municipais. Avanzou que seguirá “reivindicando a necesidade de racionalizar esta situación” e que a administración autonómica asuma a titularidade de estradas de características claramente autonómicas.

Esixe ao Goberno galego un plan autonómico de loita contra a velutina



A Deputación de Lugo esixe á Xunta de Galicia que actúe xa e active un plan autonómico de control da velutina, así como unha liña de axudas para compensar aos apicultores e outros produtores do sector primario afectados, e frear o grave impacto que está ocasionando esta especie invasora. O Goberno provincial sacou desta forma adiante a súa proposta para reclamar ao Executivo autonómico medidas para paliar a expansión dos avespeiros, como están facendo outras comunidades autónomas como Asturias, Navarra ou Illas Baleares. O PSdeG e do BNG votaron a favor, mentres que o PP votou dividido: 10 abstencións e 2 en contra.

A voceira socialista do Goberno provincial e Deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, explicou que a “crise da velutina é unha crise xerada durante os mandatos do PP na Xunta e, neste caso, non poden aludir nin a herdanzas recibidas, nin ao tipo de escusas

que empregan habitualmente para agochar a súa mala xestión”. Cronoloxicamente, concretou, a expansión da velutina en Galicia coincide cos anos de Goberno do PP na Xunta, “polo que é un fracaso das súas políticas no rural, pois non potenciou nin medidas globais ou integrais, nin implicou ao sistema investigador nin ás universidades para trata de combater esta auténtica praga que ameaza ás persoas e máis ás actividades agrarias”.

A institución provincial insta a que este plan se faga dun xeito semellante ao feito en comunidades como Asturias, Navarra ou Illas Baleares, onde se recolla a avaliación e expansión dos avespeiros por zonas ou comarcas. Así mesmo, solicita que, mentres se elabora este plan, se incremente o persoal do Seaga destinado a loitar contra a velutina e se revisen os protocolos de retirada dos avespeiros, mellorando a atención das denuncias e incidencias notificadas e o tempo de resposta na retirada de niños.

Máis investimento no programa Lugo Termal

A Deputación de Lugo vén de aprobar unha nova edición do programa Lugo Termal con dúas novidades principais para a temporada 2023-2024: máis investimento e máis prazas. Este programa ofrece descontos para tratamentos termiais nos balnearios da provincia para ás persoas maiores de 50 anos.

O programa estará dotado este ano cun investimento de 91.000 euros, o que representa unha subida de case un 30%, e se pasará de 1.025 a 1.300 prazas, o que supón tamén case un 30% máis. Ademais, incor-

pórase aos balnearios de Pantón, Pambre e Lugo o de Guitiriz, en funcionamento dende o pasado mes de maio.

Concretamente, o programa contará con 825 prazas con estancia: 50 no Balneario Termas de Lugo, 400 no Balneario Río Pambre, 300 no Balneario de Guitiriz e 75 no Hotel Balneario Augas Santas. Ademais a Deputación ofrecerá outras 475 prazas sen estancia: 150 no Balneario lucense das Termas, 150 no Balneario Río Pambre, 100 no Balneario de Guitiriz e 75 no Hotel Balneario Augas Santas.

O Pleno reclamará á Xunta un Plan Único con fondos para os concellos

A Deputación reclámalle á Xunta a elaboración dun Plan Único de financiamento para os concellos, elaborado con criterios obxectivos, e que incremente a achega de fondos directos que as facendas locais perciben da administración autonómica. Así se acordou no Pleno de final de outubro a proposta do Grupo Socialista, contando cos votos a favor do BNG e, en contra, do PP.

A voceira socialista do Goberno e Deputada de Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, defendeu esta iniciativa poñendo o foco en que a Xunta presentou re-

centemente os Orzamentos 2024, cos que “agocha as eivas da súa xestión e esgota os superlativos sobre o carácter excepcional ou de récord das contas, mentres na vida real os veciños e veciñas o único récord que bate a Xunta é o de gastar cada ano máis cartos para ofrecer peores servizos públicos”.

“Os Orzamentos previstos para o 2024 son tamén, unha vez máis, un exemplo do desinterese da Xunta pola situación dos concellos e o seu evidente desprezo cara as súas necesidades”, manifestou. Dixo que sobre un total de 13.257M€, a

Xunta destina ao Fondo de Cooperación Local 152M€, o que supón o 1,1% do total, e apuntou que o resto que percibirán as facendas locais “dependerá dos criterios arbitrarios e partidistas en torno a figuras tan surrealistas como as subvencións non competitivas que se abren ás 12 da noite e quedan esgotadas 5 minutos despois”.

Engadiu que, mentres non se poña en marcha o citado Plan que se solicitou no Pleno, a Xunta debe incrementar o Fondo de Cooperación Local, polo menos, na mesma porcentaxe na que medrou o IPC.

MAR

Investiranse 4 millóns de euros na mellora dos portos



A Xunta contempla 4 millóns de euros nos orzamentos de 2024 para actuacións de mellora nos portos de titularidade autonómica da Mariña lucense. Así o anunciou o conselleiro do Mar, Alfonso Villares, nunha visita ao porto de Ribadeo. Deste xeito, detallou que o Goberno autonómico prevé investir nas obras de reforzo do abrigo e a ampliación das instalacións para embarcacións menores en Celeiro, o acondicionamento de locais en San Cibrao e o reforzo do abrigo de Burela. Ademais, levarase a cabo a mellora de abrigo en Morás, a remodelación da dársena de Foz e a dragaxe do peirao de Ribadeo. Dous millóns de euros serán para a dragaxe do peirao de Ribadeo, que é precisamente a actuación con maior orzamento previsto para 2024. A tramitación deste expediente atópase na súa fase final e está previsto que os traballos poidan iniciarse antes de finais deste ano. Polo que respecta a Burela, o reforzo do dique de abrigo, pendente de saír a licitación, conta

cunha anualidade orzamentaria para 2024 de 830.000 euros. No caso de Viveiro contéplanse dúas actuacións: a ampliación das instalacións para embarcacións menores en Celeiro, cun orzamento estimado de 650.000 euros e o reforzo do dique de abrigo, tamén do porto de Celeiro, cuxa tramitación previa contará con 30.000 euros no vindeiro exercicio. Para o porto de San Cibrao, contéplanse 350.000 euros o vindeiro ano, que permitirán executar a obra de acondicionamento do locais de armadores. Finalmente, contéplanse partidas de menor importe para outras actuacións que se atopan polo momento en fases máis iniciais. É o caso da mellora do abrigo cun contradique no porto de Morás, a día de hoxe en tramitación ambiental, e para a que destinan 121.000 euros de cara ao ano que ven; e a remodelación da dársena deportiva de Foz, aínda en fase preliminar, que conta cunha anualidade de 30.000 euros.

A Academia Xacobeana organiza as XVIII Xornadas do Mar

A Academia Xacobeana ultima os preparativos para a celebración da vindeira edición das Xornadas do Mar por Medio, que terán lugar do 1 ao 3 de decembro en Ribadeo reunindo a un destacado grupo de expertos de diferentes ámbitos para debater sobre o tema do Camiño: Cultura e tradición. Ese é o título e o fío condutor do programa elaborado pola Academia coa colaboración da Xunta de Galicia, a Universidade de Santiago de Compostela e o Concello de Ribadeo. Durante tres días celebraranse conferencias, mesas redondas e outras propostas divulgativas sobre aspectos tan diversos como o patri-

monio, a música, a artesanía ou a gastronomía en relación cos Camiños de Santiago e o fenómeno xacobeo.

Xa está aberto o prazo para que os interesados en participar poidan formalizar a súa inscrición. Para tal fin habilitouse un formulario na web da Academia Xacobeana que xa está accesible ao público.

A orixe das Xornadas do Mar por Medio remóntase a principios dos anos 90 do pasado século por iniciativa do profesor emérito do Queen's College da Universidade de Oxford e fundador do Centro de Estudos Galegos, John Rutherford.

Un buque afundido en Ribadeo revela a alimentación no século XV



En 1597, un galeón de guerra construído en Nápoles naufragou en augas galegas. Este buque, o San Giacomo dei Galizia, tamén coñecido como Santiago, afundiuse no estuario de Ribadeo, onde agora o Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) lidera a súa análise séculos despois, co obxectivo de coñecer como era a vida dos seus tripulantes.

O xacemento subacuático dos restos do Santiago, ou o barco Ribadeo I, é un caso excepcional para estudar un navío de guerra do século XVI en augas territoriais españolas. A investigación deste barco, o que é un fragmento dunha nave naufragada, ofrece unha xanela ao pasado, como é coñecer o gando consumido polos mariñeiros ata o tipo de cerámica utilizada para almacenar auga e conservar alimentos.

Un equipo internacional de científicos liderados polo CSIC logrou reconstruír a historia do Santiago. Grazas ao estudo dos artefactos mergullados, e a revisión de documentos históricos e análises espectroscópicos, os investigadores aproxímanse como nunca ás actividades ocorridas a bordo do navío, durante o seu breve período de servizo na Armada española desde a súa construción nun estaleiro de Nápoles ao redor de 1590 ata o seu naufraxio en 1597. A investigación, liderada polas científicas Ana Crespo Solaina e Marta Moreno García do Instituto de Historia (IH-CSIC), e Sagrario Martínez Ramírez do Instituto de Estrutura da Materia (IEM-CSIC), ambos os centros pertencentes ao CSIC, presentou os seus resultados recompilados na revista Heritage. De acordo coa publicación, este naufraxio e outros da mesma época representan un valioso patrimonio histórico-arqueolóxico que recibiu unha atención limitada

desde a perspectiva da investigación subacuática, cuxo estudo proporciona "novas perspectivas sobre os contextos históricos e materiais dos séculos pasados", en palabras de Crespo. A científica, especializada en historia e arqueoloxía submarina, subliña que estes estudos "ofrecen unha riqueza de datos significativos sobre a cultura material da época, as dinámicas a bordo, as prácticas marítimas, as redes comerciais, os comportamentos e os coñecementos náuticos, así como o subseguinte desenvolvemento e transformación dos sitios arqueolóxicos, os cales se converten en cápsulas históricas do tempo".

A GASTRONOMÍA. O estudo dos 78 ósos recuperados a bordo do Santiago revela, segundo a análise arqueozoolóxico, que os restos corresponden a diferentes porcións cárnicas, como vacas, cordeiros, porcos, un ganso e mesmo pescada. O que suxire o papel fundamental do gando como fonte primaria de proteínas para a tripulación. Segundo Moreno, o maior número de refugallo de vaca fronte ás outras especies apunta a que o vacún foi unha fonte importante de proteínas para a tripulación. Ademais, a identificación de partes de animais con menor valor cárnico, como cranios e extremidades distais das patas, expón a posibilidade de que se transportase gañado vivo para o seu posterior procesamento a bordo.

Os patróns na carnicería, como a frecuencia e localización de marcas de partido en porcións pequenas e manexables, indican aos científicos que os métodos de cocción máis habituais eran a ebulición e o guiso. Ademais, os datos de envellecemento denotan o probable consumo de carne tenra de vaca e cordeiro, in-

dicando diferenzas entre a alimentación dos oficiais de alto rango e o resto da tripulación. Por último, a recuperación dun tarso e metatarso de ganso, un óso sen rendimento cárnico, supoñería a presenza de aves de curral vivas a bordo, mentres que unha vértebra de pescada relacionaríase coa provisión de peixe seco.

A CERÁMICA. As análises arqueométricas e químicas das cerámicas, artefactos e restos óseos de fauna do xacemento, permitiron a Ramírez, especialista en materiais do IEM-CSIC, reconstruír o itinerario de navegación do galeón. Combinado co rexistro arqueolóxico e a documentación histórica, agora pódese afirmar que o buque partiu de Nápoles e pasou por Cádiz e Lisboa antes de afundirse en Galicia.

A cerámica revelouose como un dos achados máis comúns, seguida da madeira e a pedra. Principalmente de manufactura portuguesa, estas vaixelas non cumprían primordialmente funcións culinarias, senón de almacenamento de auga e conservación de alimentos durante as extensas travesías marítimas. Ademais, "o estudo das cerámicas e algunhas pezas metálicas apuntan a diferentes técnicas de produción e a unha importante cadea de coñecementos e man de obra na súa elaboración", detalla Crespo.

As mostras analizáronse desde o punto de vista químico e mineralóxico utilizando diferentes técnicas instrumentais, o que permitiu determinar dous tipos de cerámicas cocidas a diferentes temperaturas (<800°C e >900°C). As primeiras relaciónanse con xarras para almacenar aceite, mentres que as segundas corresponden a pezas de vaixela, o que confirmar a presenza de cerámica vinculada á vida cotiá.

“Estas xornadas serven para debater sobre o presente e futuro da pesca”

Manuel Máximo Díaz é o secretario da Cofradía de Pescadores de Celeiro

Este foro é unha referencia no sector?

É evidente que así é, os datos saltan á vista, o foro foi creado no ano 1995, e dende entón véñese celebrando ininterrompidamente, agás nos anos da pandemia que non foi posible. Este ano chegamos á XX-VII edición, unha cifra que fala por si soa. En diversas ocasións varias publicacións especializadas en pesca cualificaron o simposio como un dos mellores do panorama nacional. As xornadas gañaron a pulso un oco no calendario anual pesqueiro, e son unha cita anual obrigada no escape nacional e internacional.

Cal ou cales son os obxectivos destas xornadas?

A organización ten moi definidos os seus obxectivos, son unhas xornadas de difusión e divulgación do sector pesqueiro, co obxectivo prioritario de formar e informar aos seus asociados e xentes do colectivo de todos os aspectos da pesca como por exemplo: promover o exercicio de prácticas pesqueiras viables e sostibles; evitar reducir na medida do posible as capturas non desexadas de poboacións non comerciais; contribuír á trazabilidade dos produtos da pesca e tamén a eliminación da pesca ilegal non declarada e non regulamentada. Basicamente dentro dos obxectivos está abordar temas tales como a xestión e a política pesqueira, temas de medio ambiente, comercialización, aspectos sociais, investigación pesqueira, novas tecnoloxías, tacs e cotas, PPC, normativa e lexislación e un longo etcétera. **Malia sempre hai algo máis importante.**

O verdaderamente importante é que estas xornadas serven para explicar, analizar, e debater sobre o presente e futuro da pesca, neste simposio abórdase a realidade sectorial a través do propio sector, expertos, científicos e administración; e a maiores a cita constitúe un punto de encontro sectorial para o networking; e moita xente valora a sede social da Confraría como un lugar idóneo para a celebración desta

cita anual.

Como é organizar este foro?

Debo recoñecer que organizar un evento desta envergadura non é sinxelo e ten a súa dificultade; para min o feito de ser o seu creador e impulsor faime quizais máis doadas as tarefas de coordinación e organización. É unha responsabilidade que deleguen en min para axudar a levar adiante un congreso desta envergadura; e teño que subliñar que as xentes dos entes pesqueiros de Celeiro formamos un grande equipo humano moi unido o que facilita o noso labor, e o cumprimento dos obxectivos comúns. Persoalmente quizais tamén o feito de tratar de superarnos ano tras ano tamén é un incentivo ou motivación engadida, e desde logo ter bo cartel non ben mal; supoño que si a xente acude e o

“Cumprir un século é un logro moi significativo polo que supón a nivel de lonxevidade, experiencia, impacto e bo facer”

número de asistentes crece edición tras edición algo estaremos facendo ben. O que teño claro que isto require boas doses de traballo, esforzo e dedicación.

En que consisten as Xornadas Técnicas deste ano?

Por terceiro ano consecutivo, o programa será de tres días: do 23 ao 25 de novembro, cun total de vinte e cinco conferencias centradas en diversos bloques temáticos como: mercados, comercialización, consumo, industria, investigación e ciencia, flota, tacs e cotas, tecnoloxía pesqueira, economía azul, informes de flota, lei do litoral, tacs e cotas, PPC (normativa comunitaria, Regulamento de control, fondos FEMPA, Plan de Acción, ecosistemas mariños

vulnerables (EMV)...), sustentabilidade, informe de flota, transición enerxética, pesca-eólica mariña, neutralidade climática, descarbonización da flota, lei de pesca sostible, ... etc. O programa completo pode consultarse na páxina web.

Falarase sobre o veto á pesca de fondo?

Claro, é obrigado facelo, porque cumpre subliñar que o porto de Celeiro e o de Burela son dos máis afectados con esta inxusta, inadecuada, e desafortunada medida da Comisión. O tema das vedas de pesca, -87 áreas que principalmente afectan a frota española, portuguesa, francesa e irlandesa-, e moi controvertido, e non só o cuestionamos desde o sector, senón que tamén o cuestiona a ciencia polo seu impacto socioeconómico que é o compoñente que deberán ter en conta na toma de decisións para mellora-la gobernanza. Novos escenarios e novas limitacións terán consecuencias socioeconómicas e afectarán a gran parte da frota que verá mermada a súa viabilidade. **Algúns expertos din que Galicia é o máximo expoñente da pesca sostible. É certo?**

A miña opinión é que Galicia é unha comunidade de longa tradición pesqueira, e iso é un aval, polo cal me atrevo a subliñar que sen dúbida algunha Galicia é un bo exemplo de máximo expoñente no exercicio da sostibilidade pesqueira. A fortaleza pesqueira de Galicia é algo evidente pois representa máis da metade do emprego marítimo-pesqueiro estatal. A sustentabilidade na pesca é un tema complexo que depende de moitos factores e creo que a frota galega cumpre moitos deles polas súas prácticas de xestión, porque é unha frota cunha sólida regulación, con prácticas responsables, artes e métodos de pesca comprometidos co impacto ambiental, e métodos selectivos que minimizan as capturas incidentais e contribúen a sustentabilidade.

Cal cre que é o rumbo que debe levar a pesca para este 2024?

Difícil predición, tendo en conta que



a pesca está moi afectada por moitos fronts abertos; o noso sector está inmerso nunha especie de quebra-cabezas como son as distintas regulacións e normativas e as diferentes políticas. O panorama ten unha grande complexidade porque nel inflúen múltiples axentes públicos e privados. Hai moitas fronteas abertas cara ao vindeiro curso, agora que España asume a presidencia do Consello da UE debemos tratar de aproveitar para afianzar as nosas posicións.

“O propio sector ten que facer os deberes e cambiar certas tendencias para facer máis atractiva a profesión náutica pesqueira”

Existe remuda xeracional?

Esta cuestión da remuda xeracional é un vello e recorrente tema, e varía en función da rexión ou comunidade pesqueira en cuestión; si ben en xeral pódese dicir que a pesca tradicional ou de baixura sempre se transmitiu de pais a fillos, de xeración en xeración...; pero nos últimos anos isto cambiou e apenas hai remuda. En moitos sitios obsérvase envellecemento da poboación pesqueira. A falta de interese nas xeracións máis novas pode ser un desafío; aquí teño que dicir que o propio sector ten que facer os deberes e cambiar certas tendencias para facer máis atractiva a profesión, hai melloras que facer e hai que traballar de arreo para digni-

ficar o oficio, e iso pasa por facilitar unha mellor formación, fomentar as prácticas de pesca sostible e melloras condicións sociolaborais, porque os tempos cambian e evolucionan e con eles a xente.

A Cofradía de Pescadores está de aniversario, non?

Nestas datas está de efeméride ao cumprir cen anos, un século non é algo banal para unha institución. Cumprir un século é un logro moi significativo polo que supón a nivel de lonxevidade, experiencia, impacto e bo facer.

Que papel desenvolve a Cofradía?

A Cofradía de Celeiro é unha entidade que desempeña un papel importante na economía local e municipal, ao ser un centro de actividade pesqueira e que contribúe a promover o desenvolvemento da comunidade costeira do municipio.

Son moitos anos de traballo.

Si, pois o traballo dunha confraría pasa esencialmente por prestar servizos aos seus asociados, e ao colectivo pescador, un traballo que moitas veces pasa desapercibido. Por exemplo, no porto fixéronse diversas melloras en materia de infraestruturas, construíuse unha moderna nave e almacén para o lavado de caixas, tamén se fixo unha nova nave para armadores no peirao norte, e trouxéronse equipamentos pesqueiros diversos. En materia formativa o ente recentemente impulsou a FP Dual en Viveiro onde se está a impartir un curso de Patrón de Pesca do Litoral, e para primeiros do ano que vén contarán cun centro privado homologado para impartir titulacións e certificacións de carácter náutico-pesqueiro, substituíndo así ao desaparecido centro Vicente Gradaille.



DEPORTES

AD Augas Santas Barreiros organiza a II Ruta BTT

AD Augas Santas Barreiros organiza a segunda edición da Ruta BTT, que terá lugar o vindeiro 19 de novembro. A marcha ofrece de novo dous tipos de marchas en función da duración.

Unha das modalidades é de 34 quilómetros (máis de 1100 metros) e a outra opción comprende 32 quilómetros (máis de 900 metros) e está dirixida a aqueles deportistas con menos técnica.

Os interesados en participar na segunda edición da marcha, que logrou máis de 160 inscritos o ano pasado, xa poden anotarse a través da web. Os dorsais poden ser retirados o sábado de 17.30 a 19.30 na pista de pádel de San Miguel de Reinante e o domingo desde as 8.00 horas.

Xoel Docal do Club Kayak de Foz suma outra victoria

O padexeiro Xoel Docal do Club Kayak de Foz xunto a seu compañeiro, Albert Liberal, do Ría de Betanzos venceron no X Trofeo Ciutat de Banyoles. Con este resultado, Docal pecha unha semana idílica en canto resultados, xa que nas catro probas nas que participou nunca se baixou do pódium. Suma tres triunfos K1 Fiestas del Pilar, K2 Fiestas del Pilar e Trofeo Ciutat de Banyoles e un terceiro posto na travesía de Foz.

A proba de Banyoles consistía padexar durante 45 minutos e o equipo que máis quilómetros alcanzara nese tempo gañaba a regata. Era ademais obrigatorio realizar, como mínimo, dous cambios de padexeiro durante a proba.

As Escolas Deportivas de Lourenzán organizan unha cea baile

As Escolas Deportivas de Lourenzán organizan unha cea baile que terá lugar o sábado, 2 de decembro, ás 21.30 horas no multiusos Ponte de Cuñas. Para poder asistir haberá que mercar as entradas nos bares da vila antes do mércores 29 de novembro. O menú da cea consistirá en caldo, costela asada, sobremesa, café e *chupito*, e terá un prezo de 23 euros, agás os menores de 5 a 10 anos que pagarán 15 euros. Despois poderase desfrutar da música de Sintético Fantástico e DJ Dani Rego.

Lourenzán asume os adestramentos de atletismo dos nenos de Barreiros



Barreiros e Lourenzán unen forzas para potenciar o atletismo a través dun acordo para potenciar e mellorar a formación das crianzas barreirenses que queiran practicar este deporte.

Mediante este acordo, o corpo técnico das Escolas Deportivas de Lourenzán asumirá os adestramentos da modalidade de atletismo para as nenas e nenos de Barreiros, que contarán cun adestramento neste municipio, outro no de Lourenzán e un terceiro para o uso das pistas de atletismo de Cervo.

A alcaldesa de Barreiros, Ana Ermida, manifestou que valoraron positivamente para a decisión "o traballo e a metodoloxía que levan feito durante todos estes anos nas

Escolas de Lourenzán, que nos servirá para seguir apostando pola base sen perder a nosa identidade como Escolas deportivas de Barreiros".

As inscricións xa están abertas e poden realizarse nas oficinas do Concello de Barreiros.

CAMPO A TRAVÉS. O vindeiro venres 17 de novembro levarase a cabo a preparatoria de cros para centros educativos de primaria e secundaria de toda A Mariña en horario lectivo. Terá lugar en Lourenzán. Pola súa parte, o 26 de novembro, Barreiros acolle a preparatoria de cros para todas as entidades. O campionato comarcal será o 3 decembro en Cangas e o provincial celébrase o día 17 de decembro.

PISTAS DA VEIGA



As pistas de atletismo da Veiga estreáronse oficialmente o pasado 1 de novembro coa I Carreira Popular Maruxaina, organizada polo Club Deportivo San Ciprián e polo Concello de Cervo. Este evento deportivo foi a primeira competición de carácter oficial que acolleron as novas pistas de atletismo, un día despois da súa inauguración por parte dos atletas Adrián Ben e Óscar Husillos que fixeron un adestramento oficial.

O adestrador de porteiros José Sembade contará coa colaboración do SD Burela

O adestrador de porteiros José Sembade, con experiencia en diferentes equipos e na selección española, acaba de abrir en Burela unha sede da súa academia de tecnificación, coa que forma a 150 mozos por toda España. Tras chegar a un acordo co presidente da SD Burela, Jairo Campo, contará coa colaboración de Santi Expósito e Kiko Mariño para os adestramentos e a academia xa

conta en Burela con máis de 10 alumnos.

A alcaldesa de Burela, Carmela López, estivo con eles en A Marosa e amosouse "encantada con esta oportunidade para os nosos mozos que queiran ser porteiros". "A Sembade Goalkeeper Academy representa voltar a onde comecei, a formación dos máis novos, o cal faime moita ilusión", explica Sembade.

Os Billardeiros de Ribadeo adiantan ás Troitas Bravas



Por Daniel Rodríguez Saavedra. A mañá estaba fría, ameazando choiva, máis respectou a xornada billardeira no campo das minas onde nos xuntamos 83 palanadores (53 homes, 21 donas e 9 cativos) para disputar o XII aberto do Ferro e levarse o premio da navalla.

A billarda segue a medrar e os novos valores veñen puxando forte, máis quedou ven claro que os vellos rockeiros nunca morren.

Un dos pioneiros neste apaixonante xogo presentouse no campo para dar una nova lección de entusiasmo e bo facer acadando o máis alto do podio con 24 puntos: Xermán Viluba, alma e corazón billardeiro.

Outro dos de sempre, o tricampión nacional Markytos, acompañouno no podio como terceiro, logo de que fora superado nun emocionante desempate por a xuventude de Gundar, que deu un toque xuvenil ao podio colándose entre os dous veteranos mestres.

Moi disputado estivo o podio por equipos, se na derradeira xornada os Billardeiros Musicais

superaron por dous puntos aos Troitas Bravas, nesta ocasión foi ao revés sendo a diferenza entre eles de só un punto. No terceiro chanzo repite Madia Leva que este ano vai por todas e xa supera en dez puntos aos Carabullo.

Na categoría de donas, Cris vén reclamando un merecido posto entre as mellores, e foi terceira tan só superada por Geni e Aroa que dominaron con autoridade a xornada.

En canto a cativos, o dúo Diego e Mateu seguen na súa loita particular e non dan oportunidade, só Roi puido achegarse a eles para ocupar o terceiro posto.

A herba artificial non foi terreo amigo para moitos palanadores que soen puntuar máis alto e tampouco se fixo ningún Varado. Compañeiros do equipo anfitrión fixeron entrega dos trofeos e agasallos os gañadores da xornada. A navalla foi para Xermán que gozou dun momento histórico co seu triunfo.

A seguinte xornada billardeira será no aberto de Lugo 12 de novembro.

34 anos e 74 nadadores

O Club de Natación de Xove é o único neste deporte na comarca da Mariña

O Club de Natación de Xove é un dos máis representativos da provincia de Lugo e o único na comarca da Mariña e foi fundado o 20 de febreiro de 1989 polo interese dos rapaces que ían nadar á piscina. Xa a finais do mes de abril dese ano presentouse a primeira directiva deste club e que estaba formada por M^a Pilar Ferreres Alventosa, José Sariego, Eduardo Traveso, Luís E. García Pañeda, Rosario Díez Álvarez e Patricia Mateos Medina. Nos seus primeiros anos de vida fóronse intercalando postos na configuración da directiva e todos eles achegaron o seu gran de area para que este club continúe máis de dúas décadas despois realizando a actividade para o que foi creado; difundir e practicar a natación. Na actualidade o presidente é Alberto Pigueiras. Desde a súa fundación e durante todos estes anos, distínguese por promocionar a natación en toda a comarca, así como aglutinar a nadadores de todos os municipios pertencentes á mesma. “É difícil lembrar cantos pasaron por este club, pero debemos agradecerlles a todos o esforzo que realizaron e realizan para que isto continúe moitos anos máis”, din desde o

club. Os adestradores que pasaron polo club foron varios e desempeñaron a súa función con gran éxito e conseguiron colocalo onde hoxe en día se atopa. Dende a directiva lembran a “César Varela, Jose M. Blanco González, Ramón Mosquera Néboa, Jose Rivera Lamigueiro, Alejandro Rodríguez, Pedro Esmorís, Inmaculada García Montes e Marta Gallego”. Na actualidade atópanse adestrando Mirta Escuredo Díez, que foi subcampioa de España e leva as categorías de prebenxamín, benxamín e alevín, e Leticia González Fernández que leva as categorías de infantil, júnior e absoluto, así como dalgún nadador máis novo e con proxección de competir a nivel autonómico. As dúas formáronse neste club e na actualidade aínda o representan en distintas competicións. Ao longo da súa existencia a piscina de Xove acolleu importantes eventos deportivos tales como o campionato Galego Absoluto ano 1993, o campionato Nacional Gran Premio de Idades Infantil en 1996, o campionato Galego Infantil en 2003, e o Trofeo Mirta Escuredo durante os anos 1999, 2000, 2001 e 2002.

Actualmente os nadadores disputan os diferentes campionatos establecidos pola Federación Galega e a Federación Española de Natación, e o Club Xove conta con equipos benxamín, alevín, infantil, júnior, absoluto e máster, así como participan en diferentes torneos por toda a comunidade Galega e comunidades veciñas como Asturias e León. “O obxectivo é aumentar o número nadadores sobre todo na base, ampliar participación nos campionatos galegos, participar nos campionatos de España con dous ou tres nadadores e como equipo ascender a 2ª división na Liga Galega de Clubs”, din desde o club. Por outra banda e entregado na educación acuática, o club organizou un Campus de Natación no verán para nenos de entre sete a once anos. Neste campus á parte da natación, levan a cabo outras actividades como xogos tradicionais, todo iso en lingua inglesa. Realizáronse 7 edicións e foi creado para a captación de futuros nadadores. Tamén e como forma de continuar cos adestramentos durante o verán e promocionar o club, varios compoñentes participan en diferentes travesías en augas aber-



tas tanto a nivel individual como baixo as siglas de Xove, logrando case sempre, situarse nos primeiros postos da competición. E ademais búscanse actividades trimestrais con viaxes para “combinar adestramentos e tempo de ocio e así cambiar de aires e facer traballo de grupo”.

Hoxe en día contan co 74 nadadores, unha cifra que demostra o bo avance do único club da comarca e entre eles non haberá que perder a pista a por exemplo Rubén Antón, Luis Riveira, Mateo Rodríguez, Emma Buján, etc. pois seguramente consigan grandes éxitos.

TELÉFONOS DE INTERESE

ALFOZ
 Concello: 982 55 80 01
 Garda Civil: 982 57 40 30
 Centro de Saúde: 982 55 86 97

BARREIROS
 Concello: 982 12 40 02
 Garda Civil: 982 12 41 94
 Centro de Saúde (cita previa): 982 12 41 05

BURELA
 Concello: 982 58 60 00
 Policía Local: 982 58 62 11
 Garda Civil: 982 58 57 05
 Centro de Saúde (cita previa): 982 58 51 29
 Hospital da Costa (centraliña): 982 58 99 00
 Capitanía Marítima: 982 57 51 53

CERVO
 Concello: 982 55 77 77
 Policía Local: 615 52 10 52
 Garda Civil: 982 58 57 05
 Centro de Saúde (cita previa): 982 55 75 25

FOZ
 Concello: 982 14 00 27
 Policía Local: 982 13 36 40
 Garda Civil: 982 14 04 44
 Centro de Saúde (cita previa): 982 13 23 85
 Agencia Tributaria: 982 13 35 12

LOURENZÁ
 Concello: 982 12 10 06
 Garda Civil: 982 52 19 05
 Centro de Saúde (cita previa): 982 12 20 29

MONDOÑEDO
 Concello: 982 52 40 03
 Policía Local: 982 50 70 40
 Garda Civil: 982 52 19 05
 Centro de Saúde (cita previa): 982 50 74 52

OUIROL
 Concello: 982 55 91 09
 Garda Civil: 982 56 10 39
 Centro de Saúde (cita previa): 982 55 90 62

PONTENOVA, A
 Concello: 982 34 22 77
 Garda Civil: 982 34 22 22
 Centro de Saúde (cita previa): 982 34 24 00

RIBADEO
 Concello: 982 12 86 50
 Policía Local: 982 12 86 50
 Garda Civil: 982 12 80 48
 Centro de Saúde (cita previa): 982 13 01 43

RIORTORTO
 Concello: 982 34 62 22
 Garda Civil: 982 34 22 22
 Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

TRABADA
 Concello: 982 13 50 11
 Garda Civil: 982 34 22 22
 Centro de Saúde (cita previa): 982 13 53 00

VALADOURO, O
 Concello: 982 57 40 00
 Garda Civil: 982 57 40 30
 Centro de Saúde (cita previa): 982 57 43 12

VICEDO, O
 Concello: 982 59 00 02
 Garda Civil: 982 59 01 81
 Centro de Saúde (cita previa): 982 59 03 51

VIVEIRO
 Concello: 982 56 01 28
 Policía Local: 982 56 29 22
 Policía Nacional: 982 56 17 11
 Policía Nacional cita DNI: 060/982 57 06 62
 Centro de Saúde (cita previa): 982 56 12 01

XOVE
 Concello: 982 59 20 01
 Centro de Saúde (cita previa): 982 59 24 24

TELÉFONOS DE INTERESE

Emerxencias: 112

Urxencias Sanitarias: 061

Incendios Forestais: 085

Garda Civil: 062

www.amariñaxa.com



Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Edición: PRENSA DA MARIÑA S.L.
 Dirección: Diego E. García Puente
 Teléfono: 661 464 323
 E-mail: redaccion@amariñaxa.com
 Impresión: Tameiga Publicacións SL
 Dep. Legal: LU 5-2019
 ISSN 2660-4493

Teléfono 661 464 323 redaccion@amariñaxa.com

COLABORACIÓN

Descubrir e ensinar matemáticas

SENTIDIÑO, POUCO PERO QUE DURE



Noelia Castro Yáñez

Incountables foron as ocasións nas que tratei de darlle unha oportunidade a numerosos xornais, sumando as que sigo por darlle. Eu, que me atopo lonxe da situación vital do meu queridísimo e aprezado profesor de Galego E. Agora xubilado, e, por suposto, non teño o tempo do que el dispón. Falando disto, contoume que el marcouse por norma ler detidamente, que non en diagonal, unha selección de prensa variada todos os días. Para así sesgar información e ter unha visión máis ampla e xeral dun mesmo acontecemento, distintas voces que narran un mesmo suceso de maneiras diferentes, cada unha poñendo o foco nun lugar distinto. Porque se a información é poder,

debemos tratala con tino. Iso sería o idílico, pero desafortunadamente, ler o xornal sempre adoita ir acompañado doutra tarefa paralela no meu caso. Coido que pode resultar contraditoria esta pequena crítica feita desde estas páxinas, pero máis ca unha crítica, prefiro velo como unha chamada de atención ao lector, e a min mesma. Xusto hoxe, unha creadora de contido lamenta un titular en todos os medios nacionais e internacionais, descontextualizado e cortado parte do seu discurso que a deixa ver como homófoba, aproveitando nalgúns deles a súa condición de persoa relixiosa, e católica, por suposto. A ese punto chegamos, a empregar as crenzas dunha persoa para tildala de segundo que cousas, alimentando e despertando o odio. A súa resposta hoxe pola mañá foi emitir ela mesma nas súas redes sociais o fragmento enteiro de entevís-

ta, onde lonxe da realidade, as súas palabras non son para nada homófobas, do que se lle acusa e polo que leva días a recibir ameazas. Isto somos, lamentablemente. E nisto nos están a converter. Escoito a unha xornalista, casualmente, ou causalmente, non sei moi ben, explicar unha sentenza que lle repite constantemente á súa filla e coa que non podo estar máis de acordo. O que outras persoas din de ti, non te define, non di quen eres ti. O que outras persoas din de ti, defíneas máis e mellor a elas, ca ti. Creo que se trata dunha maneira moi bonita de resumir o anterior. E todo isto viña a colación do seguinte, fai cousa dun mes aparece un titular que afirma que aprobar Matemáticas é o dobre de fácil entre os estudantes de familias acomodadas. Respaldándose nun estudo supostamente para darlle validez ás palabras. Pero claro, os estudos hai

que analízalos en profundidade e estudar analiticamente os seus resultados. Feito isto, o que si podo garantir é que aprobar Matemáticas é o dobre de fácil se as estudas. Que sorpresa! As Matemáticas precisan de estudo, de traballo e sacrificio. Pero como reza a porta da Academia, hai dúas cousas boas na vida, descubrir e ensinar Matemáticas. Porque nos axudan a ser lóxicos, a razoar ordenadamente e a ter a mente preparada para o pensamento, a crítica e a abstracción. O traballo parte do cruce de datos entre os resultados dun exame e os condicionantes de cada estudante, que se establecen no cuestionario de contexto que se inclúen na proba, estamos polo tanto, entendendo que a mostra é representativa. E dando validez ás respostas do alumnado sobre renda familiar, orixe, equipamento cultural... O estudo garante tamén unha forte correlación entre políti-

cas educativas, burocracia do profesorado e nivel de temporalidade dos docentes, pero que casualidade! Diso non se fai eco o titular. Eu, logo de ser graduada en Matemáticas, e ter percorrido moitas veces os corredores da Facultade de Santiago, podo prometer e prometo, que a meirande parte dos que alí estudamos, non eramos os fillos das rendas máis altas, pero si eramos os que máis nos esforzabamos por sacar adiante unha carreira durísima. Na miña casa, lonxe da riqueza, o que houbo sempre foi cordura e meus pais priorizaron a miña formación por riba de todo gasto superfluo. Porque non hai maior herdanza que a formación. Como di La Vecina Rubia, no seu segundo libro "Contando atardeceres", ir á Academia non é sinónimo de ser peor estudante nin unha especie de castigo. É simplemente un segundo instituto ao que ir polas tardes.

Lumes: non hai dous sen tres

SINDICATO LABREGO GALEGO



Iván Rodríguez

O 22 de novembro do ano 2017 un tolo ou un criminal plantou lume en Noceda, aproveitando un deses días -daquela raros- nos que se daban na Mariña as condicións ideais para a súa propagación: máis de 30 grados de temperatura, máis de 30 km/hora de vento e menos dun 30% de humidade relativa. O que ven sendo unha tarde de forte vendaval. Fernando estaba alí, avisado axiña e atento ós acontecementos, e viviu en primeira persoa a magnitude dun lume destes de agora, que aproveitaban situacións cada vez máis favorables (máis temperatura, máis vento, máis seca) e que afectan a montes cada vez máis frondosos, menos coidados e cheos de especies pirófilas. Tivo tempo de comprobar a imposibilidade de frealo cos medios daquela dispoñibles (hoxe tampouco cos actuais damos feito) aínda que por sorte,

coma este ano, veu a choiva a salvar a situación.

Consciente así do risco a que nos enfrontábamos, a reacción foi traballar no cumprimento legal no noso concello no que se refire a distancias entre vivendas e masas forestais. Unha iniciativa polémica por ser pioneira nun país que sufrira xa dez anos antes una onda de lumes gravísima, que trouxera tras ela a aprobación da Lei de Incendios. Unha norma nunca implementada trala chegada do PP e polo medo cerval dos políticos locais a enfrontarse coa veciñanza e perder votos. Pasaron seis anos desde aquela, e outro desalmado ou tolo volveu a plantar lume, desta volta en varios puntos para poñelo máis difícil a quen ariscan a vida por protexernos, e moitas comprobamos o ben que estivo que un alcalde fixera cumprir as normas. Probablemente varias casas salvaron grazas a aquilo, mais non todas, que tamén algunha tivo que salvarse arriscando a vida o propietario despois de anos pedindo ó veciño que cumprira a lei sen éxito.

En definitiva, as normas están



para cumprilas ou cambialas. E os alcaldes, concelleiros, técnicos e policías, están para vixiar o seu cumprimento sen que un teña que enfrontarse co veciño. Vai no soldo. Isto vale para a distancia para os lumes, para a velocidade dos vehículos nas rúas, para as bicicletas nas beirarrúas, ou para o ruído dos coches e dos locais. Facer cumprir a norma pode ser ingrato, porque quen máis incumpre adoita ser quen máis berra, pero a maioría da veciñanza aproba que se vixie e se obrigue ó cumprimento das normas. E aínda cando non o fai, o tempo remata por poñer a cada acción

a nota que merece.


Centrándonos de novo nos lumes, quedou clara a nosa incapacidade de loitar contra eles, somos tamén conscientes de que a rareza dos 30, 30 e 30 xa non é tal, e que as opcións para tolos e criminais de converter a Mariña nunha tea son tan abondosas que podemos ter por certo que este non vai ser o último. O razoable é polo tanto prepararnos, en primeiro lugar facendo cumprir a lei sobre distancias a vivendas, mais tamén a pistas e regos. Porén, isto probablemente non será abondo xa: se mantemos a actual alfombra de eucalipto, nada se

pode facer fronte a eles pois os lumes poden saltar centos de metros.

Cómpre logo redeseñar o noso monte, de xeito que a alfombra dea paso a un quebracabezas que arda doutro xeito. De eucalipto, si, mais tamén de piñeiro, intercalando vexetación de ribeira nos regos, froiteiras ó redor dos núcleos, fragas nas zonas máis costas, matogueira ou pastos nos cumios, etc, cun esquema que optimice e diversifique os aproveitamentos. Para ilo, como ben expuña Anxo fai un par de meses na Casa do Mar, haberá que optar por un esquema de xestión conxunta das propiedades, ó estilo dos montes comunais, rescatando a figura das UXFOR ou similares. Non haberá mellor momento ca este para comezar ese traballo, co lume aínda nos ollos e o cheiro do fume no nariz. Temos técnicos, temos comunidades de montes e PROMAS, temos locais para xuntarnos. E coma da outra vez é o alcalde quen debiera liderar a mudanza. Sabemos que o lume volverá, pero non debiera volver a chegar desde Trabada a Vilaframil.

O pacifismo xa non mola!?

CULTURA



Rebeca Maseda

Estes días estamos escoitando constantemente nos medios de comunicación a expresión “dereito a defenderse”... Igual son eu a que non se está decatando da movida, pero, acaso isto non é branquear o “ollo por ollo”? É dicir, a idea é resolver un conflito político e territorial histórico coa fórmula da guerra e da violencia? Afrontar odio con máis odio, horror con máis horror. Pois sinceramente, non sei en que momento apelar á paz e á concordia deixou de estar de moda. Agora a vinganza e o “eu máis” son conceptos normalizados polos líderes occidentais e a ONU? Case boto de menos o “buenismo” hipócrita destas institucións. A dicir verdade, resúltame realmente curioso ler tantas veces “dereito a defenderse” no universo “cuqui” de Instagram, vai ser que a paz xa non mola nin no metaverso... Que a barbarie humana non ten límites e que a industria armamentística é moi poderosa, son afirmacións obvias que todas e todos temos moi claras, pero que nin sequera as persoas que se supón que teñen o temón se molesten en disimular, xa me parece tremendo. Francamente, dá medo.

A arte da guerra, expresión contradictoria? Sempre me resultou curioso xuntar estas dúas palabras nunha soa frase, pero o certo é que ao longo da historia, importantes pensadores escribiron largo e tendido sobre este tema: Sun Tzu e Sun Bin -ámbolos dous estrategos militares da antiga China- ou Nicolás Maquiavelo (1469-1527). O polifacético autor florentino -unhas das figuras máis relevantes do Renacemento Italiano-, está considerado como o pai da Ciencia Política moderna, pero é que ademais, firmou un tratado militar titulado “Da arte da guerra” (“Dell’arte della guerra” na súa versión orixinal). Datado en 1520 e dedicado a Lorenzo de Filippo Strozzi, a obra transco-



rrer no xardín da casa de Cosimo Rucellai, onde a través dun diálogo entre Fabrizio Colonna e outros invitados, Maquiavelo desenvolve a súa política militar. Ao longo dos sete capítulos nos que está dividido, vanse afrontando e descifrando de forma homoxénea aspectos como o do recrutamento, a relación infantería-cabalería, a instrución e adestramento dos soldados, a orde de combate, a moral do combatente, o recoñecemento e a observación do campo inimigo, o acuartelamento e o réxime disciplinario e, por último, os sistemas de fortificación e defensa.

Aínda sendo excesivamente crítico coa arte militar do seu tempo e demasiado idealizador con respecto ao antigo, e a pesar da validez puramente especulativa que pode atribuírse á maioría das súas propostas, “Da arte da guerra” é unha xenial exhibición de teorización política e militar que, pola súa concepción, expuxo na súa época o problema da socialización da virtude, sinónimo de nomear as calidades políticas que fan do soldado un cidadán democrático. Deste xeito, recupérase un Maquiavelo cuxa principal ambición é presentar

a asociación indisoluble que no Estado democrático informa da relación milicia-República.

Non me podo resistir a enunciar aquí algunha das citas deste tratado, non teñen desperdicio!:

“A natureza produce menos homes valentes que a educación e o exercicio.”

“Xamais hai que levar as tropas ao combate sen comprobar a súa moral, constatado que non teñen medo e verificado que van ben organizadas. Non hai que comprometerlas nunha acción máis que cando teñen moral de vitoria.”


“É preferible render ao inimigo por fame que coas armas, porque para vencer con estas conta máis a fortuna que a capacidade.”

“Hai que aconsellarse con moitos sobre o que se debe facer, e con poucos sobre o que se que realmente facer.”

En termos históricos, resulta fascinante constatar como fórmulas ideadas na Italia renacentista do século XVI continúan totalmente viventes hoxe en día. En fin, menos mal que me considero unha persoa positiva e entusiasta porque se non...

Benestar emocional do docente

O PUPITRE



Julio Díaz

Nun informe profesional que manexei hai uns días reflectíase que o estado de tensión constante que afecta á saúde mental dos docentes, plasmándose nun aumento importante de baixas laborais, pasando do 5 % ao 16 % os que rematan recorrendo a ela. Algo que se atribúe ao contexto educativo actual e á crise de pandemia e postpandemia que aínda estamos a sufrir.

Entendemos por saúde emocional ese estado de benestar psicolóxico xeral. Inclúe a maneira de sentirse cara un mesmo, a calidade dos seus vínculos, a capacidade para manexar emocións e sentimentos e as distintas formas que todos temos e debemos ter de encarar dificultades. A saúde emocional non é só a ausencia dunha enfermidade, implica capacidades e potencialidades, como son a resiliencia, a autoestima, ou buscar a mellor adaptación aos cambios.

O burn-out ou ‘síndrome do queimado’ é algo que como profesionais da docencia vimos a sufrir cada vez con máis intensidade; e que o noso traballo cada vez é máis complexo e estresante. Este síndrome (SBO) foi o primeiro en desenvolverse e actualmente a OMS o recoñece como enfermidade. Ocorre que moitos profesio-

nais da docencia incrementan ata tal nivel as súas obrigas profesionais que acaban por descoidar a súa, e quero eu desde o meu ‘pupitre’, recomendarlles que é imprescindible coidar dun para poder realmente despois coidar dos demais, así que antes de preocuparte en exceso do teu alumnado, debes darte tempo para vivir as túas horas de descanso, de sono, a túa alimentación, a túa vida familiar e persoal. Para que o noso alumnado teña unha rede importante de apoio; nós, os docentes, debemos ter en perfecto equilibrio a nosa saúde mental e física para así poder asegurar que a atención ao noso alumnado sexa a mellor.

Debe o docente aprender a manexar as súas emocións e explorar con frecuencia o seu estado emocional, os factores que nos rodean e como nos afecta, así como as relacións persoais cos demais. Non se trata de darlle demasiadas voltas aos temas, pero si que de vez en cando avaliemos como nos sentimos.

Debemos ser conscientes da problemática actual nos centros educativos onde o benestar emocional de toda a comunidade educativa debe ser unha prioridade das administracións. A atención ao profesorado, o recoñecemento social ao noso traballo, así como a inversión en educación son aspectos primordiais a ter en conta si pretendemos unha educación de calidade. É imprescindible, neste senso, o recoñecemento de enfermidades profesionais dos docentes.

O RECUNCHO DE CANELINA



AMARIÑAXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

DESCUBRINDO O PATRIMONIO

Lourenzá: Pazo de Tovar

Os diferentes elementos defensivos harmonizan coas demais dependencias anexas do castelo

A documentación do século XII describe o lugar de Canedo (parroquia de Santo Tomé, municipio de Lourenzá) como unha vila amurallada cunha torre, a Torre de Canedo. É a orixe da actual Fortaleza ou Pazo de Tovar, declarado Ben de Interese Cultural no 1949. No seu interior pode atoparse o Centro de Interpretación da Cultura dos Pazos de Galicia e en diferentes ocasións pódese desfrutar doutras exposicións relacionadas coa época medieval. Así mesmo, os visitantes poden desfrutar dunha das edificacións con máis historia da comarca da Mariña.

Os primeiros documentos sobre esta edificación datan de finais do século XIII e refírense a ela como Torre de Canedo. Documentos posteriores indican a súa progresiva deterioración. Os últimos escritos descríbena como unha vella torre en estado deplorable.

FORTALEZA. A primitiva Torre de Canedo atopábase en estado ruinoso cando no século XVI foi remodelada e reconstruída para ser unha vivenda-fortaleza. O promotor foi Antonio de Tovar, xentil home de Carlos I e construíu en 1530 unha fortaleza sobre a torre cun carácter menos defensivo; remodelándoa ao gusto da época, con maiores xanelas para outorgar máis luz ao interior, ademais doutros elementos decorativos para dar máis importancia ao conxunto. O seu estilo é gótico isabelino,

sendo un dos mellores exemplos deste estilo en Galicia.

O corpo principal é rectangular e está flanqueado por dúas torres cadradas con almeas, troneiras, saeteiras e barbacás. Tamén atopamos un patio interior. A porta principal do pazo é de arco gótico isabelino e conta con dous bustos en baixorrelieve. Toda a construción é de cachotería de lousa con perpiaños de granito nas partes nobres. A porta principal do pazo é de arco gótico isabelino con dous bustos en baixorrelieve labrados na base dos arcos e enriba dous pequenos escudos.

Ao longo da súa historia esta fortaleza-vivenda medieval estivo vencellada ao mosteiro beneditino de San Salvador de Lourenzá, á estirpe Ponce de León, á liñaxe Aguiar, á familia Pardo de Cela, a Antonio de Tovar e aos marqueses de Villasanté.

Despois de Antonio de Tovar a fortaleza herdouna Brianda de Tovar e Pimentel, pasando en 1548 a ser propiedade, por herdanza, dos Vázquez de Seixas na persoa de don Fernán, señor de San Paio de Narla, Condes, Castelo das Seixas, e cotos anexos. A partir desta data, diferentes familias viviron na fortaleza ao longo do tempo; a maior parte como arrendatarios, chegando en momentos a vivir máis dunha familia no inmovible. Todos deixaron as súas pegadas no edificio.

Pódese visitar de mércores a domingo de 12.00 a 13.30 e de 16.30 a 18.00 horas.



HOMOLOGACIONES MARÍTIMA

- FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDAD MARÍTIMA
- BUQUES DE PASAJE
- FORMACIÓN BÁSICA EN PROTECCIÓN MARÍTIMA
- FORMACIÓN DE BOTES
- AVANZADO CONTRA INCENDIOS
- ACTUALIZACIÓN:
FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDAD MARÍTIMA
- ACTUALIZACIÓN:
AVANZADO EN LUCHA CONTRA INCENDIOS

CENTRO HOMOLOGADO PARA IMPARTICIÓN CURSOS MARINA MERCANTE
MINISTERIO DE TRANSPORTES MOVILIDAD Y AGENCIA URBANA



**GRUPO
FORMA-t**
formación integral de empresas
para información sobre más formaciones:
www.grupoforma-t.com
TEL.: 982 513 605